



AUTOINFORME DE SEGUIMIENTO

Máster Universitario en Servizos Culturais (3ª edición)

Curso Académico: Curso 2016-2017

- [Datos da universidade e do título obxecto do seguimento](#)
- [Cumprimento do proxecto establecido](#)
 - Dimensión 1. A xestión do título
 - [Criterio 1. Organización e desenvolvemento](#)
 - [Criterio 2. Información e transparencia](#)
 - [Criterio 3. Sistema de garantía de calidade](#)
 - Dimensión 2. Recursos humanos
 - [Criterio 4. Recursos Humanos](#)
 - [Criterio 5. Recursos materiais e servizos](#)
 - Dimensión 3. Resultados de aprendizaxe
 - [Criterio 6. Resultados da aprendizaxe](#)
 - [Criterio 7. Indicadores de satisfacción e rendemento](#)
- [Listaxe de evidencias e indicadores](#)
- [Modificacións do plan de estudos](#)
- Plan de Melloras
 - Finalizadas curso 2016-2017
 - Criterio 1 - Organización e desenvolvemento
 - [AM-1](#)
 - [AM-2](#)
 - [AM-4](#)
 - [AM-5](#)
 - [AM-6](#)
 - [AM-7](#)
 - [AM-8](#)
 - Criterio 2 - Información e transparencia
 - [AM-9](#)
 - Criterio 3 - Sistema de Garantía de Calidade
 - [AM-10](#)
 - [AM-11](#)
 - Criterio 4 - Recursos humanos
 - [AM-12](#)
 - Criterio 7 - Indicadores de satisfacción e rendemento
 - [AM-3](#)
 - [AM-13](#)

<u>1. DATOS DA UNIVERSIDADE E DO TÍTULO OBXECTO DE SEGUIMENTO</u>	
Denominación do título	Máster Universitario en Servizos Culturais (3ª edición)
Mencións/Especialidades	Especialidade en Xestión dos bens culturais Especialidade en Xestión do patrimonio lingüístico e literario
Universidade responsable administrativa	Universidade de Santiago de Compostela
En caso de títulos interuniversitarios, universidade/s participante/s	-
Centro responsable	Facultade de Humanidades
Centro/s onde se imparte	Facultade de Humanidades
Rama de coñecemento	Artes e Humanidades
Número de créditos	60 ECTS
Profesión regulada	-
Modalidade de impartición	Semipresencial
Curso de implantación	2015/2016
Data acreditación ex ante (verificación)	30/04/2015
Data renovación acreditación	

CUMPRIMENTO DO PROXECTO ESTABLECIDO

DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO

CRITERIO 1. ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO:

Estándar: O programa formativo está actualizado e implantouse de acordo coas condicións establecidas na memoria verificada.

Analizar e valorar se o desenvolvemento do plan de estudos realizou conforme a memoria verificada e non se produciron incidencias graves, o que permitiu unha correcta adquisición das competencias por parte dos estudantes.

1.1.- O título mantén o interese académico e está actualizado segundo os requisitos da disciplina, avances tecnolóxicos e científicos, necesidades socioeconómicas e requisitos da profesión.

Aspectos a valorar:

- O perfil formativo/egreso do título mantén a súa relevancia e está actualizado segundo os requisitos do seu ámbito académico, científico e profesional e, no seu caso, segundo as necesidades e requisitos da profesión regulada.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A vixencia académica, científica e profesional do título está garantida por tres aspectos. En primeiro lugar, o recente do seu proceso de verificación (30/04/2015). En segundo termo a súa elevada demanda, que se comentará nos apartados a seguir. En terceiro lugar o grao de satisfacción de profesores/as, alumnas/os e egresados/as, tanto co título en xeral como co programa de prácticas externas, que tamén serán obxecto de comentario en páxinas sucesivas.

A diversidade de perfís de acceso foi de sempre unha característica da titulación. Consideramos esta circunstancia un valor claro do Máster, aínda cando parece evidente que incide, por exemplo, no incremento de cifras negativas en certos aspectos dalgunhas enquisas de valoración, como por exemplo o nivel de coñecemento que profesores e profesoras teñen sobre os procesos formativos desenvolvidos polo alumnado con anterioridade. A nosa heteroxeneidade de entradas é positiva, cremos, polo enriquecemento e diversificación das nosas achegas científicas, como se pode ver simplemente analizando as perspectivas distintas que proporcionan os nosos Traballos Fin de Máster (véxase informe correspondente).

Evolución do número de estudantes de novo ingreso

Como se desprende da análise dos indicadores IN01M-PC-05, IN02M-PC-05 e IN12M-PC-05, mantense o número de prazas e estas cóbrense na súa totalidade, o que adoita ser tónica xeral desde hai xa uns anos. Ademais, o IN06M-PC-05 sinala que a nota media de acceso por preinscrición se mantén estable nos arredores dos 7 puntos. O IN07M-PC-05 informa de que a porcentaxe de estudantes que acceden á titulación con nota media igual ou superior a 6 sobrepasa nos dous últimos cursos o 90%. Asimesmo, o informe 12 referido ao número de estudantes de novo ingreso por titulacións de procedencia pon de manifesto o feito de que os 25 estudantes admitidos acreditan 21 titulacións diferentes, entre graos, licenciaturas e títulos superiores artísticos; esta circunstancia débese ao amplo espectro de titulados e tituladas que se amosan interesados polo máster, e explica unha tendencia reflectida polo IN13M-PC-05: a porcentaxe de persoas que fixeron estudos previos na USC é fluctuante e tende a baixar (na comparación entre os dous últimos cursos diminuíu en máis de 15 puntos). Esta circunstancia deriva, ao noso xuízo, da diversidade de entradas e procedencias que caracteriza a titulación, cada vez en maior medida.

Destacaremos, ademais que o IN08M-PC-05 sinala un incremento na captación de estudantes estranxeiros (un 5% no curso obxecto de avaliación) e o IN09M-PC-05 permite visualizar a importante porcentaxe de estudantes españois de fóra de Galicia que recibe o título (cun aumento, desde o curso pasado, de 15 puntos porcentuais). O éxito da captación dentro do Estado e mesmo no estranxeiro débese, ao noso

xuízo, á execución da AM-1.

Captación de alumnado

O número total de preinscricións no título no curso obxecto de análise ascendeu a 69 persoas, 64 das cales o solicitan en primeira opción. Das tres prazas reservadas a alumnado estranxeiro foron ocupadas dúas. As accións de mellora relacionadas coa captación e sinaladas no apartado anterior son consideradas, por tanto, como exitosas.

Perfil real de egreso

Utilizamos para este apartado os datos do I13, “Resultados de inserción laboral”, mais temos que advertir previamente de que estamos falando dunhas cohortes de egresados (2009-2010 e 2013-2014) cuxa formación non se corresponde co actual plan de estudos (3ª edición, implantada no curso 2015-2016) senón co anterior (2ª edición). Moitas das modificacións recollidas na nova memoria tiveron como finalidade adaptar o título ás circunstancias do mercado laboral, e por tanto os datos que comentaremos son só parcialmente relevantes.

A taxa de afiliación da primeira das cohortes oscila entre un 66,7% o primeiro ano logo de egresar e o 11,1% no cuarto ano, momento máis crítico do que parece que se remonta nos anos quinto e sexto. Canto á segunda das cohortes mencionadas, temos datos de “un ano despois de egresar” (45,5%) e “dous anos despois de egresar” (27,3%). En calquera caso, as cifras son relativamente baixas e podemos lanzar a hipótese de que esta circunstancia se debe ao afastamento entre o mercado laboral real e o título, aspecto sobre o que se interveu a fondo na modificación conducente ao deseño da terceira edición.

Nunha cohorte e na outra son baixas tamén as cifras de autónomos (sempre inferiores a unha cifra máxima do 50%, primeira das cohortes tres anos despois de egresar), inexistentes en varios dos anos examinados. Esta circunstancia resulta preocupante, tendo en conta a importancia do autoemprego no sector cultural. Ambos os datos (afiliación e autónomos) aparecen referidos a uns anos aínda críticos na economía a escala estatal. A análise dos datos da nova edición do título presentará evidencias acerca de se a mellora formativa que esta supón se reflicte nun avance tamén neste aspecto.

Como referencia positiva que cómpre sinalar destacaremos as mellores cifras de emprego indefinido que presenta a segunda das cohortes analizadas. Agardemos que esta tendencia se manteña para cohortes sucesivas, xa ligadas ao seguimento desta edición do máster.

En calquera caso e para aproximar os e as egresados e egresadas aos ámbitos reais da súa empregabilidade sinalaremos a posta en práctica da AM-3, así como a celebración dos eventos relacionados con esta cuestión dos que se dá conta no apartado 7.3 do presente informe.

1.2.- O plan de estudos desenvolveuse seguindo a oferta de módulos e materias previstas na memoria verificada.

Aspectos a valorar:

- A oferta de módulos e materias correspóndese co establecido na memoria de verificación e, se é o caso, nas sucesivas modificacións.
- O Desenvolvemento das actividades académicas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación e cualificación, correspóndese co establecido na memoria de verificación e permite a consecución das competencias. O tamaño dos grupos é adecuado ás actividades formativas.
- No seu caso, o curso de adaptación cumpre a súa función en canto á adquisición de competencias e coñecementos, por parte dos estudantes que os cursen e adecúase ao establecido na memoria de verificación do título.
- Participación do alumnado en programas de mobilidade.

Reflexión/comentarios que xustificuen a valoración:

Relación entre: oferta de módulos e materias e o desenvolvemento das actividades académicas, e: o establecido na memoria de verificación

Nada hai que indique incumprimentos do sinalado na memoria de verificación por parte das e os responsables das distintas materias. Porén, a propia dinámica de desenvolvemento da modalidade semipresencial foi obrigando a procurar melloras asociadas á segunda das cuestións das que se sinalan máis arriba (desenvolvemento das actividades académicas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación e cualificación) e que se agrupan como AM-2 (2.1 a 2.4).

Durante os primeiros cursos de impartición do título na presente modalidade, a súa condición de semipresencial resultou algo menos transparente do esperable para o propio profesorado. Desde a comisión académica e mais desde a coordinación constantemente se realizaron reflexións e tamén se atenderon dúbidas, por parte dos e as docentes, centradas en dúas cuestións: a obrigatoriedade ou non de asistencia ás aulas, e a necesidade de que cada materia conte cunha sesión final de exame de natureza presencial. A respecto da primeira cuestión foi preciso vencer as reticencias dun corpo docente habituado a valorar positivamente (desde a implantación do Plan Boloña, tamén numericamente) a presenza do alumnado na aula. A respecto da segunda, o hábito de cualificar sobre todo as materias optativas prescindindo da proba final foi tamén difícil de modificar. Nun ámbito e no outro as persoas implicadas na coordinación do título desenvolveron un traballo pedagóxico importante, polo que na actualidade cremos que está asumida por todas e todos os docentes a condición de semipresencial do título, e as circunstancias de impartición que isto supón.

Canto alumnado, xurdiron tamén dúbidas sobre o significado da semipresencialidade son as que se expoñen de maneira máis regular e en todos os momentos: na fase de captación, na fase de prematrícula e na fase de matrícula efectiva. Existe unha importante porcentaxe de alumnos e alumnas que acceden á titulación sen teren claro en que consiste a semipresencialidade. Isto afecta especialmente a aquelas persoas que, estando fóra de Lugo, formalizan a matrícula e só posteriormente requiren información acerca da obrigatoria asistencia presencial aos exames. Para paliar esta situación poñeremos en marcha a AM-14, que implicará unha interlocución concreta con cada unha das persoas que se matricula na titulación coa finalidade de que estas coñezan de primeira man os seus dereitos e deberes como alumnas e alumnos do Máster en Servizos Culturais.

Resultados do título nas enquisas de satisfacción

Como mostra da idoneidade formativa do título nestes aspectos pode ser interesante sinalar os datos positivos derivados das diferentes enquisas de satisfacción (que serán obxecto de análise pormenorizada nun apartado posterior do presente informe). Así, o INF 13 (Informe da enquisa de satisfacción do alumnado coa docencia recibida) reflicte unha mellora de case medio punto entre o curso anterior e o presente (de 3,46 puntos a 4,11). Por ítems, destaca o importante avance cuantitativo experimentado nas preguntas “Cumpre o programa e o plan de traballo previsto” (de 3,76 a 4,34 puntos), “Motiva a participación crítica e activa dos estudantes” (de 3,33 a 4,03 puntos), “Consegue facerme ver a relevancia desta materia e o seu interese para a miña formación” (de 3,31 a 4,05 puntos) e “Ten unha actitude receptiva que facilita a comunicación cos/coas estudantes” (de 3,52 a 4,31 puntos). Destacaremos, ademais, os bos resultados obtidos no INF 14 (Informe da enquisa de satisfacción do profesorado coa docencia impartida), en que a práctica totalidade das magnitudes nun nivel de arredor dos 4 puntos. Os resultados son tamén bos nos informes relacionados co grao de satisfacción dos diferentes colectivos implicados na posta en funcionamento do programa de prácticas externas (INF 06, 07, 08). Porén, debemos indicar un aspecto que se debe mellorar. O informe da enquisa de satisfacción de egresados/as referido ao curso 2015-2016 sinalan unha debilidade do título neste aspecto, pois os datos nos diversos ítems son inferiores, na maior parte dos casos, á media USC (agás, precisamente, no relativo ás prácticas externas). Deben facernos reflexionar as baixas porcentaxes obtidas en ítems clave da nosa formación, tales como “Capacidade de análise” (3 puntos fronte a 3,47 na media USC), “Capacidade de

transmitir información, ideas, problemas e solucións dentro do meu ámbito de estudo” (2,80 puntos fronte a 3,50 na media USC) e “Capacidade de aplicar os coñecementos adquiridos e resolver problemas dun xeito creativo ou orixinal dentro do meu ámbito de estudo” (2,20 puntos fronte a 3,27 na media USC). Destaca tamén a baixa porcentaxe de egresadas e egresados que consideran que obtiveron capacidades para o traballo en equipo (2,40 puntos fronte a 3,47 de media na USC). Este aspecto sinala un risco importante da docencia non presencial e revela un futuro espazo para o desenvolvemento de accións de mellora como as que está previsto poñer en funcionamento no curso 2018-2019.

Participación do alumnado en programas de mobilidade

Ao tratarse dun título de ciclo curto e ademais afastado mesmo fisicamente (no caso da USC, que os sitúa na súa totalidade na cidade de Santiago de Compostela) dos máis clásicos das áreas de Humanidades e Ciencias Sociais, as dificultades para facer participar o alumnado en programas de mobilidade son evidentes. Ademais, cómpre ter en conta a súa condición de título impartido en modalidade semipresencial, xeralmente a escollida por aquelas persoas tituladas xa desde hai uns anos e cuxas actividades vitais son diversas e dificultan, tamén, a súa participación en programas de mobilidade. Isto explica, ao noso xuízo, a ausencia de datos no indicador IN17C-PC-08 e o escaso número de entradas (dúas, unha procedente de Alemaña e outra de Polonia¹) do que nos informa o INF 03 (“Procedencia-destino dos estudantes participantes en programas de mobilidade”). As mesmas razóns explican a escasa captación de mobilidade entrante por parte do título: en Europa, só os programas de máster relacionados co ámbito dos *Cultural Studies* poden achegar algún programa equivalente, mentres que no espazo hispanoamericano e da Lusofonía son os títulos de xestión cultural aqueles máis achegados a nós. Neste sentido deseñouse a AM-12, relacionada co Plan Estratégico Campus Terra, que está aínda en execución pois contamos para a súa posta en práctica coa colaboración dos xestores de docencia e internacionalización do plan. Asimesmo e na liña de detección de títulos internacionais relacionados co ámbito da xestión cultural e do establecemento de redes canda eles para facilitar o intercambio, o vindeiro curso poñeráse en funcionamento a AM-16.

1.3.- O título conta con mecanismos de coordinación docente que permiten analizar se o desenvolvemento do plan de estudos posibilita a adquisición das competencias por parte dos estudantes e, no seu caso, se establecen as accións de mellora oportunas.

Aspectos a valorar:

- A coordinación horizontal e vertical entre as diferentes materias do plan de estudos evita baleiros e duplicidades.
- No caso de que o título se imparta en varios centros da Universidade ou sexa interuniversitario, analizarase o funcionamento dos mecanismos de coordinación entre todos os centros/Universidades que imparten o plan de estudos.
- No caso de que existan prácticas externas, valorarase se os mecanismos de coordinación permiten aos estudantes alcanzar as competencias asociadas a estas prácticas.
- No caso de que o título se imparta en varias modalidades (presencial, a distancia, semipresencial) valorarase a coordinación docente entre as modalidades, co fin de que os estudantes podan alcanzar as mesmas competencias con independencia da modalidade cursada.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Primeiro aspecto dos citados que é pertinente para o noso título. A coordinación horizontal e vertical entre as diferentes materias do plan de estudos evita baleiros e duplicidades

No anteriormente citado INF 13 (Informe da enquisa de satisfacción do alumnado coa docencia recibida), que segundo indicamos presenta globalmente mellores cifras no curso 2016-2017 do que no anterior, detéctase

¹ Porén, temos que subliñar o bo dato que achega o IN16C-PC-08 (“Satisfacción dos estudantes entrantes cos programas de mobilidade”), que nos outorga un 5.

porén un retroceso precisamente no ítem relacionado con esta cuestión (“Considero que hai coordinación entre os distintos profesores da materia”, de 3,77 pasamos a 3,32). O informe sobre a enquisa a egresados, segundo comentaremos máis adiante, demanda tamén a existencia de mecanismos de coordinación xa non internos, senón tamén entre as diversas materias do plan de estudos. A respecto da coordinación entre docentes dunha mesma materia cómpre sinalar que, en diversas reunións da comisión académica do título e de acordo co que reflicten as súas actas, este aspecto tomouse en consideración, dadas as peculiaridades que ofrece esta circunstancia no noso caso. En efecto, a totalidade das materias compartidas sono entre docentes que pertencen a áreas de coñecemento (e moitas veces a departamentos) diferentes, e que explican contidos notablemente independentes entre si. Esta circunstancia fai que o risco de que o alumnado perciba a materia como composta por dúas partes que carecen de cohesión sexa elevado. A AM-8 vai encamiñada a, entre outras cuestións, solucionar as dificultades que xurdan nesta dirección, así como a AM-9 supón un intento de que a mellor e máis fluída comunicación co profesorado redunde nunha mellor coordinación entre docentes. Propoñemos introducir unha nova acción de mellora, a AM-18, que supoña a implementación dunha nova medida con incidencia sobre a cuestión.

Segundo aspecto dos citados que é pertinente para o noso título: no caso de que existan prácticas externas, valorarase se os mecanismos de coordinación permiten aos estudantes alcanzar as competencias asociadas a estas prácticas

Na Facultade de Humanidades existe un coordinador de prácticas externas, o profesor Fernando Suárez Golán, docente do título e membro, ata hai pouco tempo, da comisión académica do Máster. Todas as dúbidas relativas ás prácticas son consultadas con el. Os anteriormente citados informes INF 6, 7 e 8, de satisfacción de estudantes, titores internos e titores externos das prácticas externas presentan unhas cifras moi positivas. No informe da enquisa de satisfacción de egresados, o ítem asociado á valoración das prácticas acadou a puntuación máxima (5 puntos). Sinalaremos como un dos mecanismos de coordinación fundamental do programa de prácticas o tratamento de calquera cuestión que xurda arredor delas na Comisión Académica do Máster. E aínda máis, a pesar de que se trata de prácticas curriculares e que por tanto unha porcentaxe importante de alumnado do título debe cursalas obrigatoriamente (todas e todos os que non orienten o seu máster de cara á investigación), debemos indicar que levamos xa varios cursos académicos sen ter queixa ningunha asociada ao programa de prácticas. Á vista das razóns expostas consideramos o noso programa de prácticas como un valor claro da titulación. Por outra banda, a implementación da AM-16 ten a intención de dotar programa dunha dimensión internacional, pois trátase de que o noso alumnado realice accións de mobilidade que poidan, ocasionalmente, incluír prácticas académicas ao abeiro dos convenios dispoñibles na universidade receptora.

Por último, indicaremos que o descenso no número de estudantes que realizan prácticas externas sinalado polo indicador IN22C-PC-09 carece en absoluto de relación coa calidade destas, pois é debido a unha circunstancia propia do plan de estudos cuxa magnitude é totalmente aleatoria e cambiante de ano en ano. En efecto, canto máis elevado é o número de alumnos e alumnas que optan pola liña investigadora (TFM de 12 créditos e non obrigatoriedade de realización das prácticas externas), proporcionalmente menor é a cantidade de persoas que se deciden pola vía profesionalizante (a que incorpora as prácticas en empresas e institucións como obrigatorias).

1.4. Os criterios de admisión aplicados permiten que os estudantes admitidos teñan o perfil de ingreso adecuado para iniciar estes estudos.

Aspectos a valorar:

- Coherencia entre o perfil de ingreso establecido na memoria verificada e o perfil real do estudiantado matriculado no título.
- No seu caso, os complementos de formación compren a súa función en canto á nivelación e adquisición de competencias e coñecementos por parte dos estudantes que os cursen.

Reflexión/comentarios que xustificuen a valoración:

Análise do perfil de ingreso

Como se indicou en liñas anteriores e xa se sinalaba na memoria do Máster (apartado 4.3), o título presenta un atractivo importante para titulados e tituladas de ámbitos formativos moi diversos. O Máster experimenta unha gran demanda non unicamente por parte das áreas de coñecemento tradicionalmente asociadas ás letras, senón tamén por parte de egresados e egresadas das áreas de ciencias sociais (sobre todo daqueles e aquelas titulados nos ámbitos formativos do ensino primario e da comunicación); tal circunstancia explica o feito de que se deseñase unha acción de mellora específica, a AM-5, consistente en modificar os criterios de acceso ao Máster para que ambas as áreas de coñecemento, Humanidades e Ciencias Sociais, estivesen igualadas. A decisión da Comisión Académica de 0/02/17 non foi porén respectada por parte do Servizo de Xestión Académica da USC, o cal, por un erro, mantivo a desigualdade entre estas áreas para o curso 2017-2018. Esta circunstancia solventarase, agardamos, no vindeiro curso.

Se a variedade de perfís de acceso é evidente examinando as titulacións achegadas polas persoas que efectivamente accederon ao Máster, a diversidade aparece moito máis clara se vemos os títulos achegados polos e as solicitantes que finalmente non accederon (recordemos que para o curso avaliado tivemos 69 solicitudes en total, 64 en primeira opción). Tal circunstancia debe ser interpretada, desde o noso punto de vista, como mostra do interese obxectivo que o título presenta para persoas cuxa formación previa é variada, mais que procuran unha especialización na cultura aplicada ao servizo da sociedade.

Datos da diversidade xeográfica sonnos achegados polo INF 16 (Informe de procedencia xeográfica). Das 25 prazas ocupadas no curso 2015-2016, só dúas o estaban por españois non galegos; nas 40 prazas ocupadas no curso 2016-2017 (hai que ter en conta o feito de que moitas delas corresponden con persoas que non remataran totalmente os seus estudos) tiñamos as seguintes procedencias: Andalucía, Asturias, Castela e León, A Rioxa e Reino Unido. Porcentualmente, o IN09C-PC-05 achéganos a porcentaxe de estudantes nacionais de fóra de Galicia sobre os matriculados, e esta sobe desde un 5,26% en 2015-2016 ata un 20% en 2016-2017. Na nosa lectura este aumento da diversificación xeográfica interna e externa ao Estado indica que o título ten potencialidades nun mercado exterior ao galego. A súa condición de docencia oficial e non presencial, así como a circunstancia do moi competitivo prezo dos títulos galegos fronte ao doutras Comunidades Autónomas, fixo moi pertinente a realización e deseño da AM-1. Dado que moitas das consultas realizadas polos futuros alumnos versan arredor do papel da lingua e cultura galegas no desenvolvemento do título, a súa conversión nun máster bilingüe pareceunos tamén moi pertinente, e nesa liña deseñouse a AM-6.

Segundo sinalamos anteriormente, satisfactorios son tamén os datos do IN06C-PC-05 (Nota media de acceso por preinscrición, nos dous cursos citados arredor de 7 puntos) e do IN07C-PC-05 ("Porcentaxe de estudantes que acceden á titulación con puntuación igual ou superior a seis", nos cursos citados por riba do 90%).

1.5.- A aplicación das diferentes normativas contribúe á eficiencia nos resultados do título.

Aspectos a valorar:

- A aplicación das distintas normativas (normativa de permanencia, os sistemas de transferencia e recoñecemento de créditos, así como outras relacionadas coa avaliación, traballos fin de grao/máster, prácticas externas, ...) desenvólvense segundo o establecido nelas, tendo en conta as competencias previamente adquiridas polo estudante e as competencias a adquirir no título. Impacto delas nos resultados.

Reflexión/comentarios que xustificuen a valoración:

As diferentes normativas, tanto as xerais da USC, como as particulares da Facultade de Humanidades, aplicáronse de forma axeitada durante o curso 2016-17 e tiveron un impacto positivo nos resultados do título.

A continuación, enuméranse as normas aprobadas durante o curso 2016-17 e que actualizan e adaptan os procesos de xestión do título:

Regulamento das titulacións oficiais de grao e mestrado na Universidade de Santiago de Compostela, aprobado polo Consello de Goberno o 28 de xullo de 2017.

(http://www.usc.es/export9/sites/webinstitucional/gl/servizos/sxopra/descargas/2017_Normativa_Grao_Master_USC_xullo_Aprobado.pdf).

Este texto ten por obxecto regular a organización dos estudos de grao e de mestrado universitario e recolle nun único documento toda a normativa existente ao respecto. O regulamento inclúe información sobre os seguintes aspectos: órganos académicos das titulacións de grao e mestrado, composición e competencias das comisións de título, procedemento e criterios para a presentación de novas propostas de titulacións de grao e mestrado e de modificacións das existentes etc.

Acordo do Consello de Goberno sobre o recoñecemento de estudos realizados en réxime de intercambio (<https://minerva.usc.es/xmlui/handle/10347/15358>)

Aprobado polo Consello de Goberno o 3 de marzo de 2017, o acordo establece o sistema de equivalencias de cualificacións para estudos cursados consonte a sistemas educativos estranxeiros, incluíndo o recoñecemento da mención de Matrícula de Honra, o recoñecemento singular de cualificacións etc.

Resolución pola que se publica a modificación da Normativa de avaliación do rendemento académico dos estudantes e de revisión de cualificacións, aprobada polo Consello de Goberno o 5 de abril de 2017.

(<http://www.usc.es/export9/sites/webinstitucional/gl/normativa/descargas/documentos/Resolucion-do-5-de-abril-de-2017-pola-que-se-publica-a-modificacion-da-Normativa-de-avaliacion-do-rendemento-academico.pdf>)

Esta Resolución modifica a Normativa de avaliación do rendemento académico dos estudantes e de revisión de cualificacións da Universidade de Santiago de Compostela (Consello de Goberno de 15 de xuño de 2011). A modificación afecta aos artigos referidos aos procedementos de avaliación extraordinaria:

Artigo 10. Actuación de oficio da Comisión de Oferta Docente e Innovación Educativa delegada do Consello de Goberno.

Artigo 11. Apoio titorial extraordinario.

Artigo 12. Avaliación por un tribunal.

Resolución Reitoral do 11 de outubro de 2016 pola que se establece o procedemento para a solicitude, tramitación e difusión de actividades recoñecibles como competencias transversais nas titulacións de grao

(<https://minerva.usc.es/xmlui/bitstream/handle/10347/14919/XA1204.pdf?sequence=4&isAllowed=y>)

A Resolución articula o procedemento para a tramitación das propostas recollidas no Acordo do Consello de Goberno de 2 de xullo de 2016 sobre recoñecemento de créditos nos estudos de grao ao abeiro do artigo 12.8 do Real Decreto 1393/2007, así como a resolución das mesmas e a xestión dos recoñecementos nos expedientes dos estudantes.

A necesidade de adaptar as diversas normativas que afectan ao funcionamento do noso Máster xustifica a proposta dunha acción de mellora, a AM-10 (1, 2,3 e 4) cuxo obxectivo é proceder á revisión dos principais textos normativos relacionados coa docencia e avaliación e que sexan pertinentes para o noso título. Esta acción está aínda en realización, nas súas catro subaccións.

DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO

CRITERIO 2. INFORMACIÓN E TRANSPARENCIA:

Estándar: A institución dispón de mecanismos para comunicar de maneira adecuada a todos os grupos de interese as características do programa e dos procesos que garanten a súa calidade.

Analizar e valorar se a información relevante sobre o título é pública e está dispoñible, en tempo e forma, para todos os axentes implicados nel (estudantes, empregadores, administracións educativas e outros grupos de interese).

2.1.- A institución publica, para todos os grupos de interese, información obxectiva, suficiente e actualizada sobre as características do título e sobre os procesos que garanten a súa calidade.

Aspectos a valorar:

- Publícase información suficiente e relevante sobre as características do programa formativo, o seu desenvolvemento e os resultados alcanzados.
- A información sobre o título é obxectiva, está actualizada e é coherente co contido da memoria verificada do título e as súas posteriores modificacións.
- Garántese un fácil acceso á información relevante do título a todos os grupos de interese.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Consideramos a información relacionada co título como suficiente, relevante, obxectiva, actualizada e de fácil acceso. Ademais da que pode obterse a través da páxina web da USC e da páxina web do Campus Terra da USC, a coordinadora, a xestora administrativa e a responsable da Oficina de Información Universitaria da USC no campus de Lugo atenden ao longo do curso e especialmente durante o período previo ao de matrícula un número elevado de consultas individualizadas, tanto telefónicas como por correo electrónico. Boa parte destas versan sobre a definición da modalidade semipresencial, especialmente no relativo ás condicións de obrigatoriedade ou non asistencia ás aulas. Esta circunstancia podería explicar o feito de que no informe “Enquisa de satisfacción de egresados” a totalidade dos ítems relacionados coa información estea notablemente por enriba da media da USC.

Distintas accións de mellora orientadas a guiar o alumnado matriculado no seu percorrido polo título foron deseñadas e executadas durante estes anos, tales como a AM-6.2 e a AM-7. A implementación da AM-14 supoñerá, ao noso xuízo, o desenvolvemento dunha vía de contacto estable cos matriculados e matriculadas

DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO

CRITERIO 3. SISTEMA DE GARANTÍA DE CALIDADE:

Estándar: A institución dispón dun sistema interno de garantía da calidade formalmente establecido e implementado que asegura, de forma eficaz, a mellora continua da titulación.

Analizar a implantación do Sistema de Garantía de Calidade (SGC) e valorar a súa contribución á mellora continua do título.

3.1.- O SGC posúe os mecanismos necesarios para recoller a información precisa, analizala, detectar debilidades e propoñer accións de mellora, realizando o seu seguimento.

Aspectos a valorar:

- Os procedementos que permiten recoller a información de forma continua, analizar os resultados e empregalos para a toma de decisións e a mellora da calidade do título, desenvolvéronse de acordo ao establecido.
- No caso dos títulos interuniversitarios ou dos títulos que se imparten en varios centros da Universidade, as accións levadas a cabo como consecuencia da implantación do SGC están coordinadas en todos os centros participantes no programa formativo.
- Os procedementos de avaliación e mellora da calidade da ensinanza e o profesorado desenvolveuse de acordo ao establecido.
- O procedemento de suxestións e reclamacións desenvolveuse de acordo ao establecido.

Reflexión/comentarios que xustificuen a valoración:

Deseguido desenvolvemos unha reflexión centrada no primeiro e no cuarto dos aspectos sinalados. O terceiro é unha repetición do primeiro, e o segundo carece de pertinencia no noso caso, ao non se tratar dun título interuniversitario.

A principal ferramenta de recollida continua de información, de análise e de toma de decisións foi no noso caso a comisión académica do título, que se reuniu periodicamente (case unha vez ao mes) durante o curso académico obxecto de seguimento e que actuou apoiada noutras dúas comisións: a comisión académica e a comisión de calidade da Facultade. Á súa vez, estas comisións renden contas e informan á Xunta de Facultade das súas decisións e reflexións. Neste curso académico e por decisión da comisión académica do máster, a coordinadora explicou aspectos relacionados coa calidade do título na Xunta de Facultade celebrada en decembro de 2016, pois considerouse que as decisións propostas pola comisión académica do título debían ser explicadas por extenso ao resto dos e as docentes. Esta intervención deu lugar a un debate acerca de varios aspectos relacionados coa calidade do título, de acordo co que se recolle na correspondente acta da Xunta de Facultade.

A respecto da composición actual da comisión académica do título, cómpre sinalar o interese que se tivo en contar nela non unicamente con docentes da Facultade de Humanidades, senón tamén con aqueles e aquelas representantes de áreas con docencia no título pero que puidesen achegar outras perspectivas de achega ás cuestións que se analizaron. Esta é a razón pola que se incorporou, xa durante o curso pasado, a profesora Guadalupe Vila, adscrita á Facultade de ADE e responsable dunha materia optativa no Máster.

Unha comisión que incide tamén e de maneira crucial nas cuestións que comentamos é a comisión asesora externa da Facultade, formada por profesionais da xestión cultural en espazos públicos e privados. Cómpre subliñar que a Comisión se reúne periodicamente, a pedimento do Decanato do centro, para apoiar e asesorar sobre as circunstancias derivadas de calquera título. Esta Comisión foi incrementada nos últimos tempos con incorporacións de profesionais tan significados coma os e as que representan as Fundacións Cidade da Cultura e Uxío Novoneyra, así como cunha persoa representante de AGADIC e co máximo responsable neste momento da Feira de Industrias Culturais Culturalgal.

A actividade de todas estas comisións, coordinadas polo Decanato da Facultade, logrou que tanto os éxitos como as debilidades do título fosen coñecidos e debatidos pola totalidade das persoas con responsabilidade neles.

O número de informes que se nos achegan desde a área de Calidade e Mellora dos Procedementos parece suficiente e variado como para motivar unha reflexión seria acerca das circunstancias de desenvolvemento da docencia no Máster, se ben a AM-15 tenta incidir na porcentaxe de resposta dos

distintos colectivos. En anos anteriores deseñouse e repartiuse unha enquisa propia de satisfacción do alumnado coa titulación, o baixo número de persoas que responderon a esta fixonos dubidar da súa pertinencia. A información en que se baseou a reflexión sobre as circunstancias de impartición do curso foi, pois, a achegada pola propia Universidade, complementada unicamente por unha enquisa, desenvolta pola Comisión de Calidade da Facultade, e dirixida aos e ás estudantes que realizan prácticas académicas nos diversos títulos impartidos polo centro. Unicamente catro alumnos, dos 13 matriculados na materia Prácticas Externas, responderon a ela.

Unha vía de grande importancia no relativo á mellora da calidade do título e que no noso caso é practicable dado o reducido número de alumnos e alumnas cos que contamos (25) foi a interlocución directa entre o alumnado e a coordinadora a través do correo electrónico. Esta vía deseñouse e executouse como AM-9 e permitiu obter unha cantidade importante de datos acerca das vicisitudes concretas que, nun momento dado e para unha persoa en particular, podían estar incidindo e propiciando un baixo rendemento académico. Para estabilizar e mellorar as canles de información personalizada propónse implementar a partir do vindeiro curso a AM-14.

Deseguido comentamos os datos de calidade achegados pola ACMP da Universidade.

Informes/indicadores relacionados con aspectos concretos: mobilidade

O IN16C-PC-08, cuxos datos comparan os diferentes cursos académicos ata 2012-2013, detecta unha evolución positiva ata chegar aos dous últimos cursos, en que se sitúa en 5 puntos. O informe complementario deste indicador permite destacar como os e as estudantes entrantes destacan tanto aspectos relacionados co título como outros que teñen que ver coas súas condicións de vida na cidade.

Informes/indicadores relacionados con aspectos concretos: prácticas externas

O elevado número de cuestionarios e indicadores asociados a este aspecto queda relativizado, canto á súa representatividade, polo baixo número de persoas que os cobren, nun universo total de 13 posibles respostas por grupo: só 5 estudantes (INF 06), un/unha titor/titora externo/a (INF 07) e dous titores académicos (INF 08). Con esta salvidade, podemos sinalar que os datos obtidos son moi positivos: en todos os casos a satisfacción dos distintos colectivos é maior este curso do que o anterior (por exemplo, véxase IN19M-PC-09, de 4 puntos a 4,43; IN21M-PC-09, de 4,73 puntos a 5) e en xeral os datos son mellores que a media global na maior parte dos ítems. Comparativamente e de acordo co INF 06, o aspecto que presenta unha maior febleza, desde a perspectiva dos e as estudantes que realizan as prácticas, é a duración destas (3,80 puntos). En calquera caso e aínda desde a relativización dos datos que supón o escaso número de cuestionarios cubertos, podemos concluír que o programa de prácticas satisfai o alumnado. Así o indica tamén a anteriormente mencionada enquisa realizada a instancias da Comisión de Calidade do centro e á que responderon catro alumnos e alumnas: de novo a satisfacción é grande pero a duración das prácticas percíbese como “escasa” no 75% dos cuestionarios.

Cabe sinalar, porén, que a posibilidade de ampliar a estadía do alumnado en prácticas nas localizacións correspondentes supoñería modificar a estrutura do título. Esta vía de modificación pode ser estudada para vindeiras edicións.

Finalizamos recordando que o descenso nos datos relacionados co IN22M-PC-09 (Porcentaxe de estudantes egresados nun curso académico que ao longo dos seus estudos realizou as prácticas en empresas ou institucións) debe interpretarse como totalmente aleatorio, pois está relacionado co número de alumnas e alumnos que deciden escoller a vía profesional fronte á vía investigadora (esta última implica un TFM de 12 créditos e a non realización das prácticas externas).

Informes/indicadores relacionados con aspectos concretos: actividades formativas desenvolvidas

Da totalidade do profesorado do título participou en actividades formativas un 26,67%, o que supón

unha porcentaxe baixa pero que se mantén e mesmo ascende a respecto do curso inmediatamente anterior (fonte: datos da participación do PDI nos plans de formación). O informe correspondente achegado pola ACMP permite detectar, entre outros datos de relevo, unha valoración media case igual á dos cursos anteriores (4,30 este curso) e unha visión positiva tanto da organización como da percepción da aprendizaxe. Cómpre sinalar neste punto a elevada participación que o profesorado do Máster tivo nunha das actividades formativas deseñada especificamente para docentes da modalidade semipresencial, as *Xornadas Campus Terra sobre docencia universitaria non presencial*, celebradas na Facultade de Humanidades en outubro de 2017.

Da totalidade dos PAS da Facultade participou en programas de formación un 50%, o cal supón un lixeiro descenso porcentual. O informe relativo a esta cuestión amosa unha elevada porcentaxe de satisfacción coas actividades formativas desenvolvidas, o que explica o feito de que case un 80% das persoas que as realizaron recomendarían a outros e outras compañeiras que se matriculasen nas mesmas accións.

Informes/indicadores relacionados coa docencia recibida/impartida

Os INF 13 e 14 xa se comentaron por extenso anteriormente e serán obxecto de análise con posterioridade tamén. No relativo ao primeiro deles, centrado na satisfacción do alumnado coa docencia, sinalouse a mellora en todos os ítems, o que explica o incremento de medio punto na valoración global (do 3,46 ao 4,11). No relativo ao segundo deles, referido ao profesorado, destacaremos algúns aspectos, comezando pola estable visión positiva que implica (3,97 puntos de valoración global fronte aos 4,0 do curso pasado). Os e as docentes parecen ver de xeito máis crítico a preparación coa que o alumnado chega ao título, o que podería explicar o descenso do 3,50 do curso anterior ao 3,18 do actual no ítem 1. Esta circunstancia talvez sexa debida á anteriormente comentada diversidade formativa de inicio coa que o alumnado chega ao título. Mellora, porén, a percepción da coordinación entre docentes dunha mesma materia (ítem 7), obxecto de varias accións de mellora sinaladas anteriormente. Melloran tamén as cifras dos ítems 9 e 10, relacionadas coa infraestrutura da Facultade. Finalmente, a totalidade dos e as docentes amósase interesada pola posibilidade de recibir formación de apoio (ítems 11 e 12), o que podería interpretarse como ligado á modalidade de impartición do título (semipresencial).

Informes/indicadores relacionados coa titulación en xeral

Aínda que xa foron comentados anteriormente e serán analizados con maior exhaustividade noutros apartados (cfr. *infra*, apdo. 7.2), comentaremos deseguido algúns aspectos concretos referidos aos informes das enquisas de satisfacción de alumnado e profesorado coa titulación, así como da enquisa de satisfacción dos egresados.

Canto ao primeiro destes informes, as cifras aparecen aliñadas coas medias da USC en xeral e sitúanse no arredor do 4; son en moitos casos lixeiramente superiores á media da institución. Porén, todos os ítems sinalan un leve retroceso fronte ao ano anterior. O valor do informe debe ser relativizado pois só oito docentes o cubriron.

No mesmo sentido a información achegada polo segundo destes informes debe ser relativizado, pois só seis dos e as 25 matriculados o cubriron. Neste caso, a media de valoración do curso sitúase na maior parte dos ítems entre 3 e 3,50, e mesmo así é tamén superior na práctica totalidade destes á media da institución. A coordinación (2,50) e a organización temporal das materias no plan de estudos e a proporción entre sesións teóricas e prácticas na titulación (ambos con 2,83) son os ítems que acadan puntuacións máis baixas, e amosan aspectos susceptibles de mellora, aínda que a situación a respecto da media da institución sexa peor. Finalmente, debemos sinalar o feito de que o Máster obtén a puntuación máxima no relativo ás canles para realizar queixas, suxestións ou parabéns (4) fronte a 2,92 da USC. Esta circunstancia débese, ao noso xuízo, na posta en práctica da AM-7, anteriormente comentada, e mellorará aínda coa

implementación da AM-14.

Os resultados da enquisa de satisfacción de egresados e egresadas, anteriormente xa comentados, sinalan a existencia de determinadas debilidades susceptibles de mellora. Porén e antes de proceder á súa análise, debemos sinalar que só unicamente cinco persoas das 25 matriculadas cubriron a enquisa, o cal xera dúbidas evidentes acerca da súa representatividade. Aínda así, debemos afrontar o feito de que a media do título está esta vez por debaixo das medias USC en todos os aspectos, agás nun: as prácticas externas. Destacan as baixas porcentaxes que se obteñen nos ítems “Formación práctica” (2,60 fronte a 3,09 de media USC), “Capacidade de análise” (2,40 fronte a 3,47 de media USC), “Capacidade para aplicar os coñecementos adquiridos e resolver problemas dun xeito creativo ou orixinal dentro do meu ámbito de estudo” (2,20 fronte a 3,27 de media USC). É tamén baixo o resultado do ítem “Valora o grao en que a formación recibida na titulación cumpriu as expectativas creadas antes de comezala” (2,60 fronte a 3,15 de media USC), “Valora a información e apoio recibidos nas actividades de acollida e presentación realizadas polo centro” (2,40 fronte a 3,23 de media USC) e “Indica a túa satisfacción coas infraestruturas e os materiais dispoñibles no teu centro” (2,40 fronte a 3,25 de media USC).

A reflexión que suscitan estes datos ten, ao noso xuízo, cando menos tres dimensións. En primeiro lugar, o cuestionamento da súa representatividade, debido ao baixo número de enquisas cubertas; a ausencia de eficacia do procedemento da enquisa tratouse de compensar coa AM-7, isto é, coa interlocución directa e individualizada con cada unha das persoas da titulación. Deixando esta cuestión á marxe, en segundo termo debemos sinalar que as cifras máis baixas aparecen ligadas a aqueles ítems asociados á natureza práctica e aplicada do título, o que pode suxerir o feito de que sexa susceptible o deseño de accións de mellora asociadas a esta cuestión, e mesmo propostas de modificación do plan de estudos. En terceiro lugar e nesta mesma liña, os dous últimos ítem parecen sinalar a dificultade de aproximación ao alumnado que implican os títulos non presenciais, pois tamén as actividades de acollida e presentación, de presentación do programa de prácticas e de información sobre o proceso de elaboración dos TFM son virtuais (AM-2.2., AM-6.2), mais talvez sexa preciso complementalos con accións que impliquen unha certa presencialidade, cando menos no inicio. O último ítem dos sinalados, en concreto, pode apuntar a posibles dificultades, tanto por parte do alumnado como do profesorado, no relativo á xestión da parte virtualizada da súa docencia (aulas virtuais, etc.). Neste caso estamos diante de problemas técnicos que están fóra das opcións de mellora do título mais dos que se informará os e as responsables correspondentes.

Información obtida a través da execución da AM-7

A decisión, por parte da Comisión Académica do Máster, de recabar unha información máis pomenorizada do título, permitiunos facernos cunha cantidade importante de materiais en formato correo electrónico, así como detectar casos de abandono precoz por razóns de diverso tipo (médicas, familiares) que nunha medida importante puideron ser reconducidos a través do consenso, tanto en comisión como en Xunta, acerca da necesidade de ser flexibles canto a prazos de entrega e procedementos de avaliación naqueles casos que estivesen plenamente xustificados. Neste mesmo sentido, a detección precoz de posibles abandonos (debidos, por exemplo, á importante carga de traballo que supón o título no primeiro cuatrimestre) e a súa transformación en solicitudes de matrícula a tempo parcial, permitiu tamén xestionar vicisitudes concretas e evitar perder algúns alumnos e alumnas, que doutro xeito abandonarían sen máis. A información a través dos correos electrónicos do alumnado permitiu tamén detectar erros nos programas presentados polo profesorado (por exemplo, a existencia de docentes que adxudicaban un valor porcentual cualificadorio á presenza na aula, cando no modelo non presencial isto non é posible; ou a indicación, por parte dalgúns docentes, de que o alumnado debía facer actividades sobre materiais que non se achegaban de xeito virtual). A coordinadora achegou en varias reunións da Comisión Académica do título esta información, convenientemente anonimizada, e as circunstancias postas no noso coñecemento foron obxecto de decisións correctoras por parte da Comisión. Este material, dado que está vivo, é aínda susceptible de ser analizado e de achegar máis datos para novas propostas de accións de mellora.

3.2.- A implantación do SGC facilita o seguimento dos títulos, a renovación da acreditación e garante a mellora continua permitindo a introdución de modificacións no título.

Aspectos a valorar:

- As accións de análise e revisión levadas a cabo desde o SGC permiten introducir modificacións para a mellora no título.
- O seguimento das melloras do título confirma que estas foron eficaces e que se conseguiron os obxectivos formulados.
- Os plans de mellora recollen as recomendacións dos diferentes informes derivados do proceso de verificación, modificación, seguimento e renovación da acreditación.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Como se sinalou no apartado anterior, son as accións de análise e revisión levadas a cabo desde o SGC as que permiten deseñar as AM propostas e posteriormente executadas. Neste sentido, reiteramos que no noso caso, dado que o número de alumnos e alumnas é reducido, o título é semipresencial e desde o principio se establecen canles de comunicación fluída entre o alumnado, a coordinación e o profesorado, as AM xorden non unicamente da análise das enquisas de satisfacción como especialmente das observacións achegadas por esta canle de comunicación directa. Canto ao seguimento das AM e a valoración da súa eficacia, a situación é desigual. Temos constancia da eficacia da AM-1, pois a demanda do título mantense de xeito sostido nos últimos anos. A respecto das AM-2, AM-6, AM- 7, AM-8, AM-9 e AM-10 debemos facer dúas observacións. En primeiro lugar, desde a comisión académica estamos convencidas e convencidos de que a vía emprendida para a implementación dunha titulación non presencial que non supoña unha desconexión total co alumnado, que é a que implican estas melloras, é a única posible. Porén, entendemos que a súa eficacia se verá na análise dos resultados da formación, e que mesmo se estes non avanza a continuidade destas accións é inevitable, aínda que habería que pensar en complementalas con algunhas outras. A eficacia do resto das accións de mellora é máis difícil de medir e a súa perdurabilidade, por tanto, máis susceptible de ser cuestionada. Por exemplo, a realización da AM-3 está suxeita á consecución de financiamento externo e á valoración que se faga da relación entre investimento e resultados (medidos en termos tanto de divulgación do título como formativos). As AM-4 e AM-12 (esta última en execución no momento actual) require do concurso de axentes externos, e en concreto do apoio e implicación dos e as responsables do Plan Estratégico Campus Terra, e por tanto está tamén pendente de executar. A AM-5 non chegou a executarse por problemas administrativos na súa tramitación por parte da Unidade de Xestión Académica da USC, polo que só este curso se poderá comprobar a súa eficacia. A AM-11 resulta difícil de executar, dada a condición de semipresencial do título. Finalmente, debemos sinalar que a reflexión sobre os resultados do título, así como a información obtida a través das diversas vías que se analizaron no apartado anterior, debe achegar novas accións de mellora que permitan un incremento porcentual en todos os aspectos que se consideran pertinentes para o desenvolvemento da titulación. Da mesma maneira, o inicio do proceso de verificación do Máster, previsto para os primeiros meses do vindeiro ano 2019, permitirá sen dúbida unha nova reflexión e mellora da titulación.

En calquera caso, no presente Informe achéganse varias AM novas, derivadas da reflexión sobre o título e que se poñerán en funcionamento no vindeiro curso académico e cuxa eficacia cumprirá valorar no seu momento.

3.3.- O SGC implantado revisase periodicamente para analizar a súa adecuación e, se procede, establécense as melloras oportunas.

Aspectos a valorar:

- A análise e revisión do SGC, no que participan todos os grupos de interese, deriva en plans de mellora (responsables, calendario de execución, etc.).
- Todos os grupos de interese foron implicados no proceso de elaboración, implantación e seguimento das melloras do SGC.
- As evidencias do SGC manifestan a existencia dunha cultura de calidade consolidada no centro que contribúe á mellora continua.

Reflexión/comentarios que xustificuen a valoración:

Na parte final deste informe indícanse tanto os responsables como as datas de execución previstas para cada unha das accións que configuran, de feito, un plan de melloras para a titulación. Este plan foi sometido á aprobación por parte da comisión académica do título e da Xunta de Facultade (21 de decembro de 2016), polo que consideramos que o profesorado do centro e do título foi convenientemente informado. A coordinadora do Máster, segundo se indicou anteriormente, tamén informou con data de decembro de 2017 e en Xunta de Facultade do sentido dalgunhas das medidas que estaban sendo implantadas por decisión da devandita comisión. O alumnado foi obxecto de comunicacións específicas a medida que se ían executando as distintas accións (por exemplo, celebración do evento CulturalLab, adxudicación de titores e titoras, proceso de elaboración do TFM, calendarios de defensa de traballos e solicitude e admisión nas prácticas, etc.). A implicación do PAS no título é tan importante que un dos seus membros, ATI da Facultade, é o responsable da coordinación técnica do Máster. Consideramos, por tanto, probada a existencia dunha cultura da calidade na xestión da titulación.

DIMENSIÓN 2. RECURSOS

CRITERIO 4. RECURSOS HUMANOS:

Estándar: O persoal académico e de apoio é suficiente e adecuado de acordo coas características do título e o número de estudantes.

Analizar e valorar a adecuación do persoal académico e de apoio que participa no título obxecto de avaliación.

4.1.- Persoal académico. O título conta con profesorado suficiente e a súa cualificación é a adecuada, tendo en conta as características do plan de estudos, as modalidades de impartición e as competencias que deben alcanzar os estudantes.

Aspectos a valorar:

- O profesorado que participa no título conta co nivel de cualificación (experiencia docente e investigadora) exixido para a súa impartición e é acorde coas previsións que se incluíron na memoria verificada. Revisarase especialmente o perfil do persoal académico asignado ao primeiro curso de títulos de grado, a prácticas externas e asociado ao Tránsito Fin de Grao ou Tránsito Fin de Máster.
- O profesorado é suficiente para desenvolver as funcións e atender a todos os estudantes.
- A institución ofrece oportunidades ao profesorado para actualizarse e continuar coa súa formación co obxectivo de mellorar a actividade docente.
- Participación do profesorado en programas de mobilidade.
- No seu caso, a Universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do título relativos á contratación e mellora da cualificación docente e investigadora do profesorado.

Reflexión/comentarios que xustificuen a valoración:

A respecto da cualificación do profesorado do título a E 15 sinala o importante peso do profesorado funcionario estable, así como a elevada cualificación investigadora (37 sexenios en total) e a importante experiencia docente (97 trienios en total) que o caracteriza. Un valor positivo do título é o feito de que a totalidade da docencia se cobre con profesores e profesoras pertencentes a áreas con afinidade 3. As especiais condicións de impartición da titulación (isto é, a súa non presencialidade) fano tamén axeitado e interesante para os e as docentes máis novos e novas, cunha vinculación talvez menos estable coa universidade pero cunha presumible maior vocación de cara ás características de docencia nesta nova modalidade. Moitos e moitas dos máis novos foron tamén incorporados á comisión académica do Máster e nela realizan un labor de importancia. Con todo, a transformación metodolóxica que implica a docencia non presencial esixe, desde o noso punto de vista, da posta en marcha da AM-15, pois é precisa unha reciclaxe tecnolóxica e pedagóxica que contribúa ao éxito da titulación.

Os indicadores IN24M-PS-01, IN25M-PS-01, IN26M-PS-01, que presentan cifras estabilizadas nos dous últimos cursos académicos, indican que esta incorporación de persoal novo non implicou un descenso significativo das cifras de doutores/as, funcionarias/os nin de persoal con sexenios.

Dado que estamos falando dun título cun número de alumnado máximo relativamente baixo (25 estudantes), non é difícil afirmar que o número de docentes con que se conta é suficiente para a atención deste. Así o corrobora o IN30M-PS-01. Cómpre indicar que durante o curso académico obxecto de avaliación todas as materias do plan de estudos permanecían activadas e non foi preciso renunciar á impartición de ningunha optativa por falta de persoal docente.

A USC conta cun **Programa de Formación e Innovación Docente** (<http://www.usc.es/gl/servizos/pfid/index.html>), que cada curso académico inclúe diferentes cursos distribuídos nos dous cuatrimestres. A oferta, ampla e variada, contén iniciativas relacionadas coas TIC aplicadas á docencia, estratexias de ensino-aprendizaxe, avaliación, tutoría e orientación. Xunto a esta oferta xeral de formación que depende do PFID, os centros e os departamentos poden propor e financiar outras actividades formativas.

Neste aspecto, o esforzo realizado desde a Universidade para ampliar e diversificar a oferta nos últimos anos tivo os seus froitos, cun incremento de seis puntos porcentuais na participación do PDI nos plans de formación da USC. A melloría rexistrada reflicte tamén unha meirande concienciación do persoal docente sobre a necesidade de adquirir novas destrezas docentes e tecnolóxicas para un mellor desempeño do seu labor. Neste sentido, a participación do PDI nos plans de formación atópase nestes momentos algo estancada ou en retroceso (só un 16,67% do profesorado do título participou no último curso académico, mentres que no curso 2014-2015 participara un 28,57%). Cabe aquí marxe para unha acción de mellora que continúe a liña emprendida polas anteriormente nomeadas I Xornadas Campus Terra sobre docencia universitaria non presencial. Trataríase de emprender unha liña de acción específica destinada aos títulos que teñen esta particularidade. O CETA, desde o PFID, parece interesado tamén en camiñar cara a esta formación, como o demostra a primeira convocatoria de MOOCs e pílulas que realizou recentemente. A recente posta en marcha do Estudio e aula de formación e-Terra dentro do Plan Estratégico Campus Terra achega tamén posibilidades de reciclado de interese, que deben ser exploradas e implementadas como accións de mellora.

O I10 achega tamén datos interesantes sobre a porcentaxe de profesores e profesoras que participan en programas de mobilidade sobre o total do profesorado do título. Nesta liña detectamos que é o profesorado ligado ao Máster o que presenta unha maior porcentaxe de participación en accións de mobilidade (un 9% do total, fronte a un 4,55% dos e as docentes no Grao en Ciencias da Cultura e no Grao LLE, os outros dous títulos do centro no curso académico obxecto de avaliación). Atribuimos esta circunstancia ao factor anteriormente mencionado de que o título atrae os e as docentes máis comprometidos e innovadores, tamén os máis novos e con maiores necesidades de asentarse curricularmente; a participación en accións e programas de mobilidade é un aspecto positivo de promoción na carreira académica. Para o futuro e, derivado da implementación coa colaboración do Plan Estratégico Campus Terra das AM-8, AM-12 e AM-16, é previsible un aumento da mobilidade dos e as docentes do título.

A conxunción de todos estes datos explica, ao noso xuízo, os elevados niveis de satisfacción do profesorado coas actividades formativas desenvolvidas que foron comentados no apartado anterior.

4.2.- Persoal de apoio (persoal de administración e servizos, técnicos de apoio á docencia, etc.). O título conta con persoal de apoio suficiente e a súa cualificación é a adecuada, tendo en conta as características do plan de estudos.

Aspectos a valorar:

- O persoal de apoio é suficiente para desenvolver as funcións e atender a todo o persoal docente e estudantes.
- O persoal de apoio que participa no título conta co nivel de cualificación exixido e é acorde coas previsións que se incluíron na memoria verificada.
- No seu caso, a Universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do título relativos á contratación e mellora do persoal de apoio.
- A institución ofrece oportunidades ao persoal de apoio para actualizarse e continuar coa súa formación co

obxectivo de mellorar a súa labor de apoio ao proceso de ensinanza-aprendizaxe.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

No relativo ao persoal de apoio do título, consideramos que este é suficiente, conta co nivel de cualificación esixido e ten oportunidades para actualizarse. O grao de compromiso do PAS da Facultade coa titulación foi elevado desde un principio, chegando a darse o caso de que un dos ATIs do centro se fixese cargo da xestión derivada da docencia non presencial (asesoramento ao alumnado e titorización do profesorado sobre as dúbidas técnicas relacionadas coa plataforma, edición de vídeos e outros materiais de docencia, etc.). Esta asunción de funcións fíxose *gratia et amore* e foi unha circunstancia absolutamente indispensable para dar viabilidade á semipresencialidade. O nivel de cualificación do PAS é, por tanto, mesmo superior ao que implican as súas funcións. Os outros membros apoiaron e complementaron esta dedicación, polo que a satisfacción é plena.

A contratación dun técnico especificamente dedicado ao apoio técnico para a docencia non presencial e dedicado á xestión do estudio e-Terra (ligado ao Plan Estratéxico Campus Terra) non foi posible ata este último ano, polo que non afecta ao curso que está sendo obxecto de seguimento na actualidade. Razóns orzamentarias impediron dispoñer antes dunha persoa que se ocupase das cuestións anteriormente sinaladas.

Canto á participación do PAS en programas de formación e á enquisa de satisfacción derivada destes, os datos foron xa sinalados con anterioridade na parte do informe ligada á calidade. Neste sentido debemos destacar que a anteriormente mencionada acción formativa *I Xornadas Campus Terra sobre docencia universitaria non presencial* foron tamén abertas ao PAS e incluídas no programa de formación especificamente deseñado para este colectivo desde a Universidade.

DIMENSIÓN 2. RECURSOS

CRITERIO 5. RECURSOS MATERIAIS E SERVIZOS:

Estándar: Os recursos materiais e servizos postos a disposición do desenvolvemento do título son os adecuados en función da natureza, modalidade do título, número de estudantes matriculados e competencias a adquirir.

Analizar e valorar se os recursos materiais e servizos postos a disposición dos estudantes son os adecuados ás necesidades do título.

5.1.- Os recursos materiais, infraestruturas e servizos postos a disposición dos estudantes e o profesorado son suficientes e adecuados ás características do plan de estudos, ás modalidades de impartición e ás competencias que deben alcanzar os estudantes.

Aspectos a valorar:

- As infraestruturas destinadas ao proceso formativo son as adecuadas en función da natureza e modalidade do título. Prestarase especial atención á dispoñibilidade de aulas, salas de estudo, aulas de informática e recursos informáticos, laboratorios, salas de reunións, biblioteca, ...
- Os recursos materiais, postos a disposición dos estudantes, son os adecuados en función da natureza e modalidade do título e as competencias a adquirir por eles y coinciden coas previsións que se incluíron na memoria de verificación. Prestarase especial atención á dispoñibilidade de equipamento e material científico, técnico, asistenciais e artístico, (dependendo da tipoloxía de ensinanza), ...
- Aplicación das normativas de accesibilidade universal e deseño para todos, seguridade, saúde e medio ambiente e coñecemento delas polos axentes implicados.
- Os fondos bibliográficos, recursos documentais,... son suficientes e están actualizados.
- No seu caso, a Universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do título relativos á creación, posta en marcha ou utilización de novas infraestruturas ou servizos externos á Universidade.
- Os servizos de orientación académica (selección de materias, problemas de aprendizaxe, necesidades especiais, aloxamento,...) e orientación profesional postos a disposición dos estudantes son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.
- Os servizos de atención ao estudante (documentación, informes de cualificacións, actas, certificados académicos, tramitación de solicitudes de validacións ou de traslado,...) postos á súa disposición son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.
- Os programas de acollida e apoio ao estudante oríentano no funcionamento da institución.
- Tendo en conta as diferentes modalidades de impartición do título, analízase e revísase o grao de adecuación, para a consecución das competencias por parte dos estudantes, das infraestruturas tecnolóxicas e servizos tanto no centro responsable do título como, no seu caso, en centros externos (centros de prácticas, empresas, centros asociados, etc.).
- No caso de que o título contemple a realización de prácticas externas, as instalacións onde se realizan son adecuadas para a adquisición das competencias.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Ofrécense a continuación datos referidos ás actuacións e melloras realizadas na Facultade de Humanidades e correspondentes ao curso 2016-2017 e ao curso actual.

Accesibilidade e prevención de riscos laborais

Tanto a accesibilidade física (dos espazos destinados a aulas e equipamentos docentes) como a accesibilidade da páxina web (para persoas con deficiencias visuais) están totalmente conseguidas por parte da institución. A Facultade conta ademais cun plan de prevención de riscos laborais cuxa certificación de implantación ten data do 12 de xaneiro de 2017 e que foi elaborado para a Universidade por ASPY Prevención S.L. con data de 10 de marzo de 2015.

Biblioteca

A Biblioteca Intercentros do campus de Lugo, e en xeral a Biblioteca Universitaria de Santiago de Compostela, amósanse como organismos vivos e en crecemento, capaces de satisfacer as necesidades de

recursos en papel e *online* que demandan os e as alumnos e alumnas do título. Desde a dirección da Biblioteca Intercentros achégansenos os seguintes datos referidos á extensión das coleccións dispoñibles relacionadas coas Facultades de Humanidades e de Administración e Dirección de Empresas:

1. As cifras do número total de exemplares adquiridos corresponden ó ano 2016, non podemos facilitar este dato por curso académico. Os datos son o número de monografías que chegaron á biblioteca, no 2016, para os centros de:

Facultade de Humanidades: 424 entradas.

Facultade de ADE: 214 entradas.

2. En abril de 2018 os datos son:

Colección actual na sala de Humanidades: 33.251 exemplares; colección actual na Sala de Ciencias Sociais: 16.422 exemplares.

Destacaremos tamén a existencia dun completo programa de formación e asesoramento ao alumnado deseñado desde a Biblioteca Intercentros e destinado a apoiar procesos tales como a elaboración de traballos, buscas físicas e *online*, elaboración de bibliografías, etc. O programa completo para o curso obxecto de análise pode consultarse no seguinte enlace: <http://www.usc.es/gl/servizos/biblioteca/busc/centros/intcentroslugo/actividadesdabibliotecacurso2015-2016.html>.

Dada a condición de semipresencial que caracteriza o Máster en Servizos Culturais debemos anotar como importante a decisión que se tomou en Comisión Académica do título e que deu lugar a AM-9.3, pola que cada docente debe responsabilizarse de que a accesibilidade dos materiais relacionados coas actividades que propón nas súas aulas sexa a través de procedementos electrónicos. Isto non supón, evidentemente, que os materiais en papel non teñan o seu sentido, mais non como fonte única no deseño e elaboración das tarefas.

Melloras no equipamento e infraestruturas

A conectividade de profesorado e alumnado, así como a existencia dunha persoa que se responsabilice desde unha perspectiva técnica da titulación, é un aspecto crucial nun título como o noso, de carácter semipresencial. Neste sentido a Facultade experimentou avances de importancia no curso obxecto de valoración. Durante o curso 2016-17 puideron ser realizadas melloras consistentes na substitución de equipos nun total de once despachos de docentes, ademais de dous novos ordenadores que se situaron en Conserxería. No curso pasado xa se substituíran e melloraran varios canóns en aulas, e durante o 2017 melloráronse os equipos de audio nun total de cinco aulas.

Por outra banda a adquisición do paquete Office 365 por parte do profesorado facilitou o emprego dunha ferramenta das que este paquete contén, *Microsoft Stream*, que permite un uso corporativo dos vídeos que se xeran (isto é, que estes non sexan subidos a youtube xenericamente, senón que poidan ser visionados unicamente por un grupo reducido de persoas), así como outra importante novidade: a posibilidade de pautar os vídeos e presentar, por tanto, unha orientación temática nestes, de tal feito que o alumno ou alumna poida ir a momentos concretos dos materiais para revisar explicacións particulares.

Finalmente, a USC puxo a disposición dos e as docentes e alumnos e alumnas do título a ferramenta Skype empresarial, de grande utilidade para facer titorías a distancia de maneira cómoda e sen cortes. Contamos ademais cun número suficiente de cámaras web que facilitan esta tarefa por parte do profesorado.

Con todo, a mellora máis evidente no equipamento e infraestruturas foi a inauguración do Estudio e-Terra, ligado ao Plan Estratéxico Campus Terra e situado na Facultade de Humanidades. O estudio e-Terra

está equipado con material que permite o rexistro de vídeo e son, tanto in situ coma noutras dependencias do Campus Terra, ademais de localizacións en exteriores. Os seus servizos abranguen a súa posterior edición e postprodución.

A sala conta cun sistema estudio virtual que permite inserir como fondo unha imaxe ou composición de imaxes almacenada no computador. Conta cun fondo de tea verde (croma), focos para a súa iluminación e un ordenador que efectúa a devandita inserción en tempo real. Está actualmente dedicado á gravación de cursos en liña, pímulas de coñecemento e material en vídeo para o campus virtual.

Cámara, trípode e varias alternativas de microfonía son facilmente transportables, permitindo a cobertura de eventos e gravación de reportaxes alén do estudio e-Terra.

Cabe sinalar asimesmo que a Universidade adquiriu e puxo a disposición dos e as docentes a partir de febreiro de 2018 a ferramenta de control de posibles plaxios coñecida co nome de Turnitin, para a cal se realizaron sesións de formación ao longo da primavera deste ano.

Servizos de orientación profesional e de atención ao estudante. Servizos de orientación académica

A Universidade de Santiago conta no campus de Lugo cunha persoa pertencente ao Servizo de Emprego da Universidade de Santiago, que realiza accións de asesoramento personalizado neste ámbito e charlas de asesoramento profesional a demanda de cada un dos centros. Esta persoa colaborou no curso 2016-2017 coa Facultade na organización das VI Xornadas de Xestión e Mediación Cultural da Facultade de Humanidades (<http://www.usc.es/campusterra/gl/content/competencias-profesionais-dos-xestores-culturais-debate-nunha-xornada-monogr%C3%A1fica-na>), nas que se presentaron os ámbitos de traballo relacionados coa xestión cultural aos alumnos e alumnas de grao e máster.

No campus de Lugo contamos tamén cunha persoa pertencente á Oficina de Orientación Universitaria, que é de grande apoio para a coordinación do Máster en Servizos Culturais no relativo ás xestións precisas para formalizar a preinscrición e a matrícula no título. Esta persoa asesora e apoia o proceso de matrícula tanto dos e as estudantes do Estado español como dos e as estranxeiros/as, e o seu traballo é de especial interese tendo en conta a condición de non presencial que caracteriza o título.

Ambas as profesionais mencionadas anteriormente realizan tamén labores de asesoramento académico, aínda que nesta cuestión é a coordinadora a que leva o peso do asesoramento do título, no relativo a: cambios na matrícula, decisións o sobre tempo parcial ou tempo completo, orientación académica ou profesionalizante, etc.. A AM-7 está moi ligada a esta cuestión.

A AM-3 (realización do evento CulturaLab) supón un apoio específico ao estudantado para que este coñeza os aspectos relativos ao ámbito da xestión cultural. No curso 2016-2017 o CulturaLab viuse aumentado ao se transformar no CulturaLab de Primavera, abrangendo no seu interior o Curso de Primavera que tradicionalmente se viña celebrando na Facultade de Humanidades (<http://www.usc.es/campusterra/gl/content/o-culturalab-de-primavera-do-campus-terra-da-usc-converter%C3%A1-lugo-os-d%C3%ADas-20-e-21-de-maio-na>).

Canto á orientación académica e como xa se comentou noutros apartados do autoinforme, esta lévase adiante de maneira personalizada por parte da coordinadora da titulación, quen recibe consultas acerca de cuestións variadas: modificacións de matrícula, esixencias ligadas á semipresencialidade, modificacións nos procesos de adxudicación de prácticas externas e titorización, etc. O carácter esencial desta vía de contacto debido á condición de semipresencial do título fixo preciso o deseño e a implantación da AM-7 e explica a necesidade de desenvolver a AM-14, que se propoñerá no presente curso académico.

Programas de acollida e apoio ao e á estudante

Ao tratarse dun título semipresencial a celebración dunha actividade de benvida no propio centro foi substituída por unha benvida virtual, que se pon a disposición do estudantado na páxina de coordinación do Máster. Porén, consideramos preciso completar esta acollida virtual cun encontro individualizado do

alumnado coa coordinadora (AM-14), ben físico ben virtual, no que esta poderá aconsellar o alumno ou alumna sobre o proceso formativo ao que se enfronta e tamén darlle a coñecer a posibilidade da existencia dunha opción de matrícula a tempo parcial, que pode ser pertinente en moitos casos dada a moi probable non dedicación en exclusiva ao proceso formativo que imos detectar.

Prácticas externas

O título conta, na súa dimensión profesionalizante, cunha materia obrigatoria de prácticas externas, e estas xestiónanse sempre de acordo coa normativa da USC relativa a este tipo de actividades. Todas as prácticas realízanse ao amparo dun convenio entre a empresa ou institución a que acode o alumnado e a USC; o convenio garante a idoneidade física dos espazos en que o alumnado realizará a actividade, así como a existencia dun seguro obrigatorio para as persoas que realizan as prácticas. O Máster en Servizos Culturais xestiona o seu programa de prácticas contando co coordinador de prácticas da Facultade e do xeito máis transparente posible. Cada alumno ou alumna solicita un máximo de tres localizacións de acordo coas súas preferencias e logo de que nos materiais que se lle achegan (vídeo sobre as prácticas) a coordinadora faga fincapé na necesidade de que o titor ou titora académico sexa tido en conta na selección do espazo de prácticas.

No relativo ao proceso de adxudicación definitiva, nel tense en conta fundamentalmente o rendemento académico do alumno ou alumna. Ademais, está previsto que o alumnado poida validar as prácticas se acredita unha experiencia profesional que, a xuízo da comisión académica do título, sexa suficiente. Finalmente e dada a dispersión xeográfica característica das persoas que se inscriben neste máster, existe tamén a posibilidade de que sexan eles e elas mesmas os que contacten cunha institución ou empresa e promovan a sinatura dun convenio de prácticas entre esta e a Universidade.

A información sobre as prácticas é unha das máis demandadas por parte das persoas que teñen intención de cursar o título. No curso académico obxecto de seguimento non se produciu incidencia ningunha que supoña a existencia de anomalías relacionadas coas prácticas e, segundo comentamos anteriormente, é este programa un dos aspectos a respecto dos cales tanto alumnado como egresadas e egresados se senten máis satisfeitos.

DIMENSIÓN 3. RESULTADOS

CRITERIO 6. RESULTADOS DE APRENDIZAXE:

Estándar: Os resultados de aprendizaxe alcanzados polos titulados son coherentes co perfil de egreso e correspóndense co nivel do MECES da titulación.

Analizar os resultados de aprendizaxe alcanzados polos estudantes e se son coherentes co perfil de egreso e se corresponden co nivel do MECES do título.

6.1.- Os estudantes ao finalizar o proceso formativo adquiriron as competencias previstas para o título.

Aspectos a valorar:

- O desenvolvemento das actividades académicas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación e cualificación contribúen á consecución e valoración dos resultados de aprendizaxe previstos.
- Os resultados de aprendizaxe alcanzados satisfán os obxectivos do programa formativo e adecúanse ao nivel MECES.
- Os resultados de aprendizaxe téñense en conta para a revisión e mellora do plan de estudos.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A resposta ás afirmacións anteriormente sinaladas é positiva nos tres casos. Analizaremos cada unha delas de xeito independente.

Relación entre actividades académicas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación e cualificación e consecución e valoración dos resultados de aprendizaxe previstos

O Máster caracterízase por dispoñer unicamente de modalidade semipresencial, e de acordo coa memoria do título este é o seu principal condicionante metodolóxico. Así se rexistra no apartado 5 da memoria, "Planificación das ensinanzas". As elevadas taxas de rendemento en cada unha das materias do plan (INF 18) permite afirmar que os resultados de aprendizaxe se conseguen. Da comparación, no devandito informe, entre os cursos académicos anterior e o obxecto da presente memoria, despréndese unha mellora na taxa de rendemento en todas as materias agás en catro, en que os descensos son lixeiros. Porén e de acordo co informe das enquisas de satisfacción do alumnado coa titulación (como xa comentamos en apartados anteriores), algúns aspectos relativos á planificación e desenvolvemento das ensinanzas deben ser mellorados. En concreto, é relativamente baixa a valoración do ítem "A coordinación das materias do plan de estudos" (2,5 puntos sobre 5). Por máis que unicamente 6 dos 25 alumnos e alumnas do título contestasen esta pregunta, talvez sexa preciso deseñar algunha actuación específica, e está previsto facelo a partir da implantación da AM-18.

Adecuación entre os resultados da aprendizaxe e o nivel MECES do títulos

No apartado 7.1 analizaremos pormenorizadamente os resultados de cada unha das materias a partir dos informes dispoñibles: Informe de acreditación de cualificacións das materias no plan de estudos (INF 15) e mais Informe de acreditación da taxa de rendemento das materias no plan de estudos (INF 18). Como xa indicamos no apartado anterior e sinalaremos máis adiante, as porcentaxes asociadas á taxa de rendemento de cada unha das materias increméntanse desde o curso pasado ao actual e son sempre susceptibles dunha lectura positiva. Non detectamos problema ningún asociado a unha materia, agás talvez ás dúas relativas aos Traballos Fin de Máster, as cales, de todos os xeitos, experimentan unha mellora fronte ao curso anterior.

No relativo aos TFMs, no curso 2016-2017 defendéronse un total de 18 traballos entre as tres convocatorias. Cómpre ter en conta o feito de que estes traballos corresponden a varios cursos académicos:

hai persoas que estaban cursando o título a tempo parcial desde o 2015-2016 e rematan agora, e hai algunhas persoas que non defenderon en tempo o seu traballo. Porén e en relación ás 25 prazas dispoñibles, consideramos que o número de traballos é significativo e mesmo alto. As cualificacións son tamén moi aceptables: sete sobresalientes (dous 10 entre eles), nove notables e unicamente dous aprobados.

Valoración do programa formativo por parte dos e as estudantes e dos e as egresados

As análises do Informe da enquisa de satisfacción do alumnado coa titulación e da enquisa de satisfacción de egresados/as foron xa examinadas anteriormente, e tamén se aludirá a elas con posterioridade. Destacamos en primeiro lugar a súa relativa representatividade: a taxa de resposta foi nun caso do 15% (alumnado) e noutro do 31,25% (egresados/os). Como xa indicamos anteriormente, os alumnos e alumnas analizan de xeito crítico a falta de coordinación entre as materias do plan de estudos (2,5 puntos sobre 5) e tamén detectan problemas coa organización temporal do plan de estudos (2,83 puntos sobre 5) e a proporción entre sesións teóricas e prácticas na titulación (2,83 puntos sobre 5). Os egresados e egresadas, pola súa banda, outorgan puntuacións relativamente baixas aos ítems “Capacidade para aplicar os coñecementos adquiridos e resolver problemas dun xeito creativo ou orixinal dentro do meu ámbito de estudo” (2,20 puntos sobre 5), “Capacidade de traballo en equipo” (2,40 puntos sobre 5) e “Capacidade de transmitir información, problemas e solucións dentro do meu ámbito de estudo” (2,80 puntos sobre 5). Detectan, por tanto, dificultades na dimensión aplicada e/ou creativa da súa formación (entendemos que consideran esta excesivamente teórica) e no desenvolvemento de habilidades para o traballo grupal. Esta última cuestión, como parece evidente, resulta problemática nas titulacións non presenciais, en que existe unha dificultade evidente no deseño de actividades que impliquen varios e varias estudantes. Porén, cómpre deseñar estratexias que rendibilicen os medios técnicos existentes na actualidade e permitan xerar este tipo de dinámicas no contorno virtual. Esta é a razón de ser a AM-17 que se propón.

Relación entre os resultados da aprendizaxe e a revisión e mellora do plan de estudos

Dado que estes poden ser cualificados, ata o momento actual, como relativamente positivos, a Comisión Académica do título non viu a necesidade de propoñer modificacións substanciais do plan de estudos. A proximidade da renovación da acreditación (primeiros meses de 2018) desaconsella, ao noso modo de ver, emprender accións de envergadura que supoñan cambios de entidade. Non en tanto, os resultados que se obteñan do proceso de renovación da acreditación, que supoñen facer balance dos varios anos de impartición da titulación, supoñerán, de seguro, achegas de entidade que poidan axudar a mellorar as principais debilidades detectadas na implementación dun título caracterizado, desde o noso punto de vista, por unha demanda importante.

DIMENSIÓN 3. RESULTADOS

CRITERIO 7. INDICADORES DE SATISFACCIÓN E RENDEMENTO:

Estándar: Os resultados dos indicadores do programa formativo son congruentes co deseño, a xestión e os recursos postos a disposición do título e satisfán as demandas sociais da súa contorna.

Analizar os principais datos e resultados do título e valorar a evolución dun núcleo de indicadores mínimo. Comprobar se os resultados se adecúan ás previsións e características do título.

7.1.- Os principais datos e indicadores do título evolucionan favorablemente de acordo coas características do título.

Aspectos a valorar:

- Indicadores de demanda.
- Indicadores de resultados.
- Os indicadores téñense en conta para a mellora e revisión do plan de estudos.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

1. Indicadores de demanda

Os aspectos referidos á demanda do título foron xa comentados no apartado 1.1, ao que remitimos para unha ampliación da información; todos parecen satisfactorios (relación entre prematriculados e prematriculadas e alumnado finalmente matriculado, perfil formativo diverso, nota media de acceso, etc.).

Para garantir a continuidade neste aspecto, seguirase coa execución da AM-1.

2. Indicadores de resultados

Comentaremos deseguido os indicadores asociados a este aspecto.

– *Taxa de rendemento* (IN34CM-S01-PM-01, créditos superados con respecto aos matriculados). O valor porcentual asociado a este indicador (IN34M-S01-PM-01) presenta un notable aumento desde o curso anterior: 62,43% no 2015-2016, 71,79% no curso 2017-2018. Este incremento débese, moi probablemente, ao efecto das accións de mellora destinadas a canalizar máis fluidamente o contacto entre o equipo docente do título e o alumnado, así como entre o equipo docente do título e a coordinadora. Na análise das diferenzas entre o alumnado TC (de aquí en diante, tempo completo) e TP (de aquí en diante, TP)², realizada esta comparativamente a respecto doutros másters USC, da CA e do SUE, observamos como en TC os valores desta taxa son baixos para o máster: 59,83%, fronte a máis do 90% nos outros tres ámbitos de comparación. Porén, no alumnado TP a relación é xusto a contraria: a taxa de rendemento do título é dun 95,77%, fronte a un 58,46% (másters USC), 63,75% (CA) e 79,28% (SUE). Volveremos sobre a cuestión das diferenzas entre o alumnado TC e TP na análise doutras taxas. Un dos obxectivos que persegue a AM-14 é precisamente o incremento de alumnos e alumnas que cursen o título TP, pois consideramos que esta circunstancia asegura un mellor rendemento.

Examinado o INF 18, acerca da acreditación da taxa de rendemento por materias no plan de estudos, detectamos que se produce unha mellora en todas elas agás en catro en que hai un lixeiro empeoramento e noutras catro en que se mantén igual. Na materia Traballo Fin de Máster o rendemento aumenta notablemente: desde un 21,74% a un 48,65%. Os datos asociados a esta taxa pódense interpretar, por tanto, como positivos.

A lectura desta cifra nunha perspectiva dos últimos seis cursos (cómpre recordar que a partir do 2015-2016 a

² A comparación TC-TP refírese sempre ao 2015-2016.

estrutura e a modalidade do título modificáronse notablemente, o que nos obrigou a superar un novo proceso de acreditación) permite observar que o incremento do ano obxecto de avaliación nos sitúa no camiño de recuperación de valores que foron máis elevados entre os cursos 2010-2011 e o 2013-2014.

– *Taxa de éxito* (IN35CM-S01-PM-01, créditos superados con respecto aos presentados). Neste caso os valores son moi elevados tanto no curso 2015-2016, o anterior ao obxecto da análise (96,52%) como no curso obxecto do seguimento (98,05%), talvez como efecto das accións de mellora postas en marcha e que procuran unha maior relación entre os estudantes e a coordinación do título. Diferenciando tamén neste caso TC e TP e comparándoo coas medias dispoñibles de USC, CA e SUE vemos que no TC o título se sitúa nun 91,17%, fronte a cifras superiores ao 98% nos outros tres valores, mais en TP acádase o 100%. En calquera caso, a obtención de cifras tan elevadas neste aspecto suxire que a cuestión non consiste en que o alumnado non supere os exames aos que se presenta, senón talvez na existencia dun importante abandono, segundo indicaremos posteriormente.

Non comentamos para este caso os resultados achegados polo INF 17 (Informe de acreditación de taxa de éxito nas materias do plan de estudos) por estaren referidos á segunda edición do título e non conter cifras relacionadas co curso obxecto de avaliación.

As elevadas cifras asociadas a esta taxa son tónica común desde o curso 2010-2011.

– *Taxa de avaliación* (IN36CM-S01-PM-01, créditos presentados con respecto aos matriculados). Tamén a este respecto detéctase un importante incremento porcentual fronte ao anterior: 73,21% fronte a 64,68; moi probablemente estean incidindo xa as accións de mellora postas en marcha desde a titulación e destinadas a crear unha canle para o contacto entre o profesorado e o alumnado. En TC, a taxa de avaliación foi dun 65,63% e sitúase notablemente por baixo das medias USC (93,50%), CA (93,57%) e SUE (92,43%). A proporción invértese se examinamos os datos TP, pois a taxa de avaliación da titulación (95,77%) supera de maneira clara a media USC (60,38%), CA (65,20%) e SUE (81,29%). Isto confirmanos na necesidade de poñer en marcha a AM-14 e lograr concienciar a boa parte do alumnado de que a súa situación (laboral, persoal, etc.) aconsella valorar cursar a titulación a TP.

Examinado o INF 19 (Informe de acreditación da taxa de avaliación das materias do plan de estudos) detectamos que en todas elas, agás en tres, produciuse unha mellora porcentual. En concreto, a materia Traballo Fin de Máster avanza notablemente, como ocorría no indicador relativo á taxa de éxito: dun 21,74% a un 48,65%.

Como mencionamos anteriormente en relación coa taxa de rendemento, a significativa mellora producida entre os curso 2015-2016 e 2016-2017 permite recuperar a senda en que situaba o título nas catro promocións anuais que van entre 2010-2011 e 2013-2014.

– *Taxa de graduación* (IN37CM-S01-PM-01, estudantes que finalizan os estudos no tempo previsto ou nun ano académico máis con respecto á súa cohorte de ingreso). Este é un dos indicadores que presenta un retroceso significativo: fronte a unha porcentaxe do 81,82% no 2015-2016 temos que enfrontarnos a unicamente un 48% no curso 2016-2017. Este notable descenso nas cifras de graduación devolve o título á situación en que se encontraba nos cursos 2012-2013 (47,83%) e 2013-2014 (40,91%), momento en que se decidiu proceder á súa transformación en semipresencial precisamente (entre outras razóns) co obxectivo de paliar a dificultade derivada do escaso número de estudantes que obteñen o seu título de máster en tempo. Esta circunstancia representa un problema notable que cómpre analizar, e sobre o cal deberemos propoñer accións de mellora que nos axuden a achegarnos ao 80% de graduados e graduadas previsto na memoria de verificación do título.

– *Duración media dos estudos* (IN38CM-S01-PM-01, duración media [en anos] que os estudantes tardan en superar os créditos correspondentes ao plan de estudos). O dato deste ano académico (1,39) sitúanos aparentemente nunha senda de recuperación das cifras históricas ata o 2013-2014, logo de que o curso anterior se producise un incremento moi notable da duración: 1,75.

– *Eficiencia dos titulados* (IN39CM-S01-PM-01, relación entre o número de créditos dos que debeu matricularse o alumnado nun determinado ano académico e aqueles nos que realmente se matriculou). Non constan datos para o curso académico 2016-2017. A análise do histórico existente (entre 2009-2010 e 2013-2014) presenta cifras positivas, sostidas e superiores ao 90% en todos os casos e coherentes, por tanto, co previsto na memoria, que se sitúa xusto nesta porcentaxe.

– *Taxa de abandono RD 1393/2007*. Logo da excepcional redución que se produciu nesta o curso anterior, de novo no 2016-2017 a porcentaxe volve ser elevada: 28%. A avultada cifra non acada as moi preocupantes dos cursos 2012-2013 (43,48%) ou 2013-2014 (40,91%) mais parece ir camiño delas. Examinado o INF 15 (Informe de acreditación de cualificacións das materias do plan de estudos) observamos, porén, que as cifras de alumnos e alumnas non presentados en cada unha das materias obxecto de avaliación son semellantes ás do curso anterior. Este informe sérvenos tamén para detectar a existencia dun elevado número de persoas (entre un terzo e un cuarto do total de alumnado matriculado) que figura como non presentadas naquelas materias obrigatorias situadas no primeiro cuadrimestre do curso. A porcentaxe elévase ao 33% na materia Linguas para a comunicación (inglés/portugués)³. Esta circunstancia obriga, desde o noso punto de vista, ao deseño dunha acción de mellora que intente paliar tales porcentaxes e achegarse ao 20% previsto na memoria do título. Cremos que unha interlocución personalizada cos e as matriculadas, como a proposta na AM-14, axudará a facelos e facelas máis conscientes da carga de traballo real da titulación, da de cada materia en particular, así como dos especiais condicionantes ligados á superación de contidos que precisan de formación previa (materias lingüísticas).

Reflexión global sobre estes datos e accións de mellora previstas

A lectura dos datos numéricos achegados polos indicadores revela a posibilidade de agrupar as súas cifras en dous grandes bloques: aqueles que poden ser lidos desde un incremento porcentual a respecto do curso anterior (taxa de rendemento, taxa de éxito, taxa de avaliación e duración media dos estudos) e, por tanto, en positivo, e aqueloutros nos que se detecta un preocupante empeoramento (taxa de graduación, taxa de abandono). Ademais, cómpre sinalar que en todos os indicadores os datos do alumnado TP son mellores do que os do alumnado TC, aspecto este de grande interese e que pode ser obxecto dunha actuación específica na forma de accións de mellora.

Comezando pola taxa de abandono e como xa sinalamos anteriormente, existe un grupo moi compacto de persoas que se matriculan pero xa se “perden” no primeiro cuadrimestre, en que se concentran as materias obrigatorias que suman en total 24 créditos. Este grupo aumenta ata un 33% na materia, que deben cursar obrigatoriamente, asociada con linguas estranxeiras. Ao noso xuízo, cómpre deseñar e implementar accións de mellora que intenten paliar este abandono temperán, e a AM-14 sitúase nesta liña.

A respecto da taxa de graduación tamén é precisa unha actuación que supoña a mellora das súas cifras. Unha posibilidade que nos parece viable consiste en incentivar a matrícula TP naquel perfil de alumnos e alumnas que, por estaren realizando o máster en compatibilidade con outras actividades formativas ou doutro tipo, non poidan seguir o esixente ritmo de traballo que este implica, sobre todo no primeiro cuadrimestre. A anteriormente mencionada acción de mellora pode permitir detectar de maneira individualizada as dificultades de cada alumno ou alumna e aconsellalo/a no sentido que corresponda ás súas circunstancias.

Por último e como reflexión e acción de mellora que se deberá implementar, desde o noso punto de vista cómpre xerar ferramentas de medida e valoración dos resultados do título que sexan axeitados e teñan en conta o seu carácter non presencial. Aspectos tales como o abandono ou a dificultade para xerar dinámicas de grupo son específicos deste tipo de titulacións, e polo tanto a comparación que se poida

³ Non houbo matriculados na opción “Francés” no curso obxecto de avaliación.

establecer entre elas resultará moito máis valiosa, ao noso xuízo, do que a medición comparativa dos seus éxitos ou fracasos en relación con títulos que responden a outras circunstancias de acceso e desenvolvemento. Asimesmo, a análise das boas prácticas desenvolvidas por titulacións cuxa modalidade é comparable á nosa (semipresencial ou mesmo totalmente *online*) parece máis proveitosa do que o intento de replicar actuacións que quedan fóra do alcance e obxectivos do noso título. A AM-19 sitúase nesta liña de actuación.

7.2.- Os índices de satisfacción dos estudantes, do profesorado, dos egresados e doutros grupos de interese son adecuados.

Aspectos a valorar:

- Indicadores de satisfacción co persoal académico, persoal de apoio, recursos, prácticas externas, proceso formativo, mobilidade, etc.
- Os indicadores de satisfacción téñense en conta para a mellora e revisión do plan de estudos.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Análise dos indicadores de satisfacción dos distintos colectivos de interese

1. Coa facultade

Só contamos co informe da enquisa de satisfacción do PAS, que entendemos referido ao centro. A taxa de resposta foi baixa (33,3%) e decreceu desde o curso anterior. Cómpre destacar que en todos os bloques as medias son superiores ás da USC agás no quinto, "Formación" (2 puntos fronte a 3,18 da media USC). Sinalaremos que no bloque sétimo, o máis significativo talvez por ser "Satisfacción" en termos xerais, o resultado é de 4 puntos sobre 5, o que representa un significativo incremento desde o curso anterior e tamén a respecto da media USC.

2. Coa titulación

Analizáronse neste apartado un total de tres enquisas, dirixidas a alumnado, profesorado e egresadas/os. As taxas de resposta son baixas: 15%, 27% e 31,25%, respectivamente. A respecto do alumnado, o bloque referido á orientación achega datos positivos e mesmo mellores do que a media USC. O bloque dedicado á planificación e desenvolvemento das ensinanzas ten tres puntos de debilidade, que xa se sinalaron anteriormente: a coordinación entre as materias do plan de estudos, a organización temporal das materias do plan de estudos e a proporción entre sesións teóricas e prácticas da titulación. Estes tres elementos son susceptibles do deseño de accións de mellora. Canto aos recursos materiais e servizos e os resultados, as súas magnitudes son positivas e superiores en varios casos á media USC. Destacamos a importante valoración que fai o estudantado a respecto dos procesos de xestión da calidade (canles para realizar queixas e suxestións, 4 sobre 5 fronte a 2,92 USC); este aspecto débese moi probablemente á implementación das AM-6 e 7.

Canto ao profesorado, os datos achegados son superiores ao 4 e tamén á media USC en todos os bloques, do que podemos concluír que este colectivo (cando menos aquelas persoas que participaron nas enquisas) ten unha percepción positiva da totalidade dos aspectos da titulación.

Finalmente, os egresados e egresadas achegan unha visión ben máis crítica da titulación. Na formación teórica, o Máster acada unha puntuación de 3, fronte a 3,5 de media USC. Na formación práctica, a cifra conseguida é 2,60, fronte a 3,09 de media USC. As medias do título son moi inferiores ás da USC na resposta dos e as egresadas ás seguintes cuestións: "Capacidade para aplicar os coñecementos adquiridos e resolver problemas dun xeito creativo ou orixinal dentro do meu ámbito de estudo" (2,20 fronte a 3,50 USC), "Capacidade de traballo en equipo" (2,40 fronte a 3,47 USC) e "Capacidade de transmitir información,

ideas, problemas e solucións dentro do meu ámbito de estudo” (2,80 fronte a 3,50 USC). Aínda tendo en conta o escaso número de enquisas e a súa probable función de castigo polo non cumprimento pleno das expectativas previas, e segundo dixemos en apartados anteriores, temos neste ámbito un camiño de mellora interesante para o Máster. Como cabía esperar, o cumprimento das expectativas sitúase en niveis tamén baixos: 2,60 fronte a 3,15 de media USC. A baixa valoración das infraestruturas (2,40 fronte a 3,25 USC) pode estar referida ás dificultades que puntualmente se puideron experimentar para facer fronte á docencia non presencial. Significativa é tamén a baixa valoración das actividades de acollida e presentación (2,40 fronte a 3,23 USC), o que precisa da execución da AM-14, que supón unha nova reflexión sobre este tipo de accións.

Porén, valórase positivamente os horarios e calendario académico (3,40 fronte á media USC, 3,28), os servizos dispoñibles (recursos tecnolóxicos, 4,20 fronte a 3,73 USC; biblioteca, 4,60 fronte a 3,96 USC; cafetería/comedor, 4,25 fronte a 3,41 USC), e é satisfactoria tamén a impresión sobre a actuación dos distintos ámbitos administrativos encargados de informar e canalizar o diálogo co alumnado (servizos de xestión, Decanato, servizos de información no propio centro, etc.). O grao de satisfacción global dos egresados coa titulación (IN42-S01-PM-01) sitúase nun 3,29 e é, por tanto, susceptible de mellora.

3. Coa docencia recibida/impartida

Como sinalamos no apartado 1.2 do texto, tanto os INF 13 (Satisfacción do alumnado coa docencia recibida) como o INF 14 (Satisfacción do profesorado coa docencia impartida) presentan datos positivos e en avance. Esta circunstancia, porén, debe ser matizada por causa do notable descenso da participación en ambas as enquisas: do 35,71% no curso pasado ao 25 %, e do 57,58% no curso pasado ao 31,3%, respectivamente. No primeiro dos informesponse de manifesto a consecución, por parte do título e en termos xerais, de cifras mellores do que o curso anterior agás nun ítem moi significativo e susceptible do deseño de accións de mellora: “Considero que hai coordinación entre os distintos profesores da materia” (pasa de 3,77 a 3,32). No caso dos e as docentes, a valoración da súa actividade é positiva (sempre supera o 4) e en avance a respecto do curso pasado, agás nos seguintes ítems relativos ao punto de partida da súa actividade: “O nivel con que chega o alumnado é suficiente para afrontar os contidos da materia” (pasa do valor xa baixo 3,50 a 3,18) e “Coñezo o nivel de comprensión dos alumnos” (pasa de 3,83 a 3,55). Destacaremos ademais a importante porcentaxe de docentes que responden afirmativamente ás seguintes afirmacións: “Estou interesado/a en recibir formación de apoio para a mellora da docencia relativa ás novas tecnoloxías” (100%) e “Estou interesado en recibir formación de apoio para a mellora da docencia relativa ao apoio didáctico e pedagóxico” (90,91%, fronte a un 66,67% do curso anterior). Estes dous aspectos sinalan a existencia dunha marxe de mellora importante no relativo á formación dos e as docentes, marxe que se intentará cubrir co desenvolvemento da AM-17.

4. Coas actividades formativas desenvolvidas, coa mobilidade entrante e co programa de prácticas externas.

A análise e reflexión sobre estes informes de satisfacción pode consultarse no apartado 3.1 do presente texto.

Importancia dos indicadores de satisfacción para a mellora do título

A información achegada polas enquisas de satisfacción para a mellora do título é clave, pois como se foi sinalando no seu comentario estes materiais suxiren e propician o desenvolvemento de accións de mellora diversas que consigan mellorar algúns aspectos do Máster que presentan dificultades. Unha acción de mellora específica debe estar referida á consecución de datos porcentualmente máis significativos, pois non só a proporción dos distintos colectivos que cobre as enquisas é reducida, senón que esta parece

diminuír considerablemente de ano a ano. Tal é a razón de ser da AM-15 que busca motivar os diferentes colectivos a que respondan os diferentes tipos de enquisas e conseguir que estas sexan ferramentas de maior utilidade na consecución da calidade da titulación.

7.3.- Os valores de inserción laboral dos egresados do título son adecuados ao contexto socio-económico e profesional do título.

Aspectos a valorar:

- Análise dos históricos de resultados existentes nos estudos realizados sobre inserción laboral do título.
- Adecuación da evolución dos indicadores de inserción laboral en función das características do título.
- Os indicadores de inserción laboral téñense en conta para a mellora e revisión do plan de estudos.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Análise dos datos de inserción laboral

No apartado 1.1 do presente informe e baixo o epígrafe “Perfil real de egreso” comentáronse os escasos datos dispoñibles sobre a inserción laboral dos egresados do Máster. Estes refírense, ademais, ás cohortes que titularon entre 2009-2014, isto é, xusto antes da substancial modificación emprendida no título e que se implantou no curso 2015-2016. As volubles taxas de afiliación (van modificándose case anualmente), a escasa porcentaxe de autónomos e autónomas nun título situado no ámbito da cultura aplicada (en que o autoemprego deba ser significativo) e a localización nun grupo de cotización non correspondente coa formación son as características fundamentais que podemos destacar da análise. Porén, debemos subliñar a escasa consistencia destes datos.

Como fonte secundaria examinamos o estudo, realizado pola ACSUG, sobre inserción laboral dos titulados de máster (<http://www.acsug.es/sites/default/files/171214%20Resumo%20prensa%20EILM1112.pdf>), do que se desprenden aspectos significativos sobre en xeral os títulos deste nivel e da nosa área de coñecemento: a alta porcentaxe de alumnas e alumnos que simultanean traballo e estudos (táboa 3.3) e a importante cantidade de persoas que afirman que volverían realizar o título (táboa 3.11), entre outros.

Importancia dos indicadores de inserción laboral para a mellora do plan de estudos

Dada a debilidade dos datos con que contamos existen notables dificultades para ter en conta os datos na mellora do plan. Porén, a AM-3 sitúase na perspectiva de poñer en relación os egresados da titulación con espazos de xestión cultural real, e evidentemente tamén coa súa dimensión financeira e coa empregabilidade. Debemos indicar que accións situadas no nivel da Facultade de Humanidades, como a celebración anual das Xornadas de Mediación e Xestión Cultural ás que antes aludimos na súa edición de 2016, e que no 2017 se centraron no espazo profesional do libro (<http://www.usc.es/campusterra/es/node/1511>), ou a realización dunha xornada destinada a formar os alumnos sobre crowdfunding (<http://www.usc.es/campusterra/gl/content/o-campus-terra-da-usc-celebra-o-martes-27-de-febreiro-na-facultade-de-humanidades-un>), teñen tamén esta dimensión asociada á empregabilidade. En xeral, preténdese crear entre o alumnado de máster a consciencia de que a xestión cultural é un espazo real de traballo.

<u>LISTAXE DE EVIDENCIAS E INDICADORES</u>			
Critérios	Nº	Evidencia / Indicador	Documento/enlace
Todos	E1	Memoria Vixente do título	ACSUG
Todos	E2	Informes de verificación, modificación, seguimento incluíndo os plans de mellora	ACSUG Web do Centro
1	E3	Análise do perfil real de ingreso/egreso	Autoinforme, Criterio 1
1,6	E4	Guías docentes das materias (competencias, actividades formativas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación, resultados de aprendizaxe)	Web do Título
1,3	E5	Actas das reunións celebradas, polo menos dos dous últimos cursos, da Comisión Académica/Comisión de Titulación/Comisión de Garantía de Calidade (as actas deben incorporar un apartado con acordos adoptados en cada reunión)	Actas Comisións (PDF)
1	E6	Listaxe de estudantes que solicitaron recoñecemento de créditos	Recoñecemento de créditos MSC (PDF)
1,6	E8	Informes/documentos onde se recollan as conclusións dos procedementos de consulta internos e externos para valorar a relevancia e actualización do perfil de egreso dos estudantes do título/valoración adquisición resultados da aprendizaxe	Autoinforme, Criterios 1 e 6
1,7	I1	Número de estudantes de novo ingreso por curso académico	4315430_P.Ind_2016-2017
			4315430_INF.16_2016-2017
			4315430_INF.CiUG_2016-2017
1	I2	No caso de máster, número de estudantes de novo ingreso por titulación de procedencia	4315430_I2_2016-2017
1	I3	Indicadores de mobilidade (Número e porcentaxe de estudantes que participan en programas de mobilidade sobre o total de estudantes matriculados)	4315430_P.Ind_2016-2017
			5053_INF.03_2016-2017
2	E9	Páxina web da universidade/centro/título (debe ter como mínimo a información referida "Información mínima pública**")	Web da USC
			Web do Centro
			Web do Título
3	E10	Documentación do SGC (política e obxectivos de calidade, manual e procedementos)	Web do Centro
3	E11	Evidencias da implantación dos procedementos do SGC(procedementos completos, revisados e actualizados que desenvolvan as directrices do SGC:Política de calidade,Deseño revisión periódica e	Web do Centro

		melloras dos programas formativos, garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no estudante, Garantía e mellora da calidade dos recursos humanos, garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos e información Pública)	
3,7	E12	Plans de mellora derivados da implantación do SGC	Web do Centro
3,7	E13	Análise das enquisas de satisfacción (%participación, resultados, evolución,...)	Autoinforme, Criterios 3 e 7
Todos	I4	Resultados das enquisas de satisfacción de todos os grupos de interese do título	4315430_P.Ind_2016-2017
			4315430_INF.04_2016-2017
			5053_INF.05_2016-2017
			4315430_INF.06_2016-2017
			4315430_INF.07_2016-2017
			4315430_INF.08_2016-2017
			4315430_INF.09_2016-2017
			4315430_INF.10_2016-2017
			5053_INF.11_2016-2017
			4315430_INF.13_2016-2017
			4315430_INF.14_2016-2017
			5053_INF.21_2016-2017
			4315430_INF.22_2016-2017
4315430_INF.23_2016-2017			
3	I5	Resultados dos indicadores que integran o SGC	4315430_P.Ind_2016-2017
4	E15	Plan de Ordenación Docente: información sobre o profesorado (número, experiencia docente e investigadora, categoría, materias que imparte, área, etc)	4315430_E15_2016-2017
4	E16	Información sobre o persoal de apoio por Centro (número e cargo/posto desempeñado)	5053_E16_2016-2017
4	E17	Análise das enquisas de avaliación da docencia (% participación, resultados, evolución, ...)	Autoinforme, Criterio 4
4	I6	Porcentaxe de participación do profesorado do título en plans de formación da universidade e en actividades formativas específicas	5053_I6-I7_2016-2017
4	I7	Porcentaxe de participación do PAS do centro en plans de formación da	5053_I6-I7_2016-2017

		universidade e en actividades formativas específicas	
4	I8	Resultados das enquisas de avaliación da docencia (%participación, resultados, evolución,...)	4315430_INF.13_2016-2017
			4315430_INF.14_2016-2017
4	I10	Indicadores de mobilidade (número e porcentaxe de profesores que participan en programas de mobilidade sobre o total de profesorado do título)	5053_I10_2016-2017
5	E18	Información sobre os recursos materiais directamente relacionados co título	Web do Centro
5	E19	Información sobre servizos de orientación académica e programas de acollida	Web do Centro
5	E20	Listaxe dos centros/entidades para a realización de prácticas externas curriculares ou extracurriculares	Web do Centro
5	I11	Distribución alumnado por centros de prácticas	Web do Centro
5	E22	Materiais didácticos e/o tecnolóxicos que permitan unha aprendizaxe a distancia	Campus Virtual
6	E24	Listaxe de traballos fin de grao/máster de, al menos, os últimos cursos académicos (título, titor y cualificación)	Listaxe TFM (PDF)
6	E25	Informes/listaxe das calcificacións de cada unha das materias do título	4315430_INF.15_2016-2017
6	E26	Mecanismos utilizados para a análise da adquisición dos resultados de aprendizaxe	Autoinforme, Criterio 6
7	E30	Informe/documento onde se recollan os resultados do título (incluídos indicadores inserción laboral e SIIU)	Autoinforme, Criterio 7
6,7	I12	Indicadores de resultados (estas taxas facilitaranse de forma global para o título. As taxas de rendemento, éxito e avaliación facilitaranse tamén por materia): - Taxa de graduación - Taxa de abandono - Taxa de eficiencia - Taxa de rendimient - Taxa de éxito - Taxa de avaliación	4315430_P.Ind_2016-2017
			4315430_INF.17_2016-2017
			4315430_INF.18_2016-2017
			4315430_INF.19_2016-2017
			5053_SIIU_2016-2017
7	I13	Relación da oferta/demanda das prazas de novo ingreso	4315430_P.Ind_2016-2017
			4315430_INF.CiUG_2016-2017
7	I14	Resultados de inserción laboral	4315430_EIL-SIIU_2016-2017

MODIFICACIÓN DO PLAN DE ESTUDOS	
MODIFICACIÓN	XUSTIFICACIÓN

- Plan de Melloras
- Abertas curso 2016-2017
- Criterio 1 - Organización e desenvolvemento
- Criterio 2 - Información e transparencia
- Criterio 3 - Sistema de Garantía de Calidade
- Criterio 4 - Recursos humanos
- Criterio 7 - Indicadores de satisfacción e rendemento
- Finalizadas curso 2016-2017
- Criterio 1 - Organización e desenvolvemento
- [AM-1](#)
- [AM-2](#)
- [AM-4](#)
- [AM-5](#)
- [AM-6](#)
- [AM-7](#)
- [AM-8](#)
- Criterio 2 - Información e transparencia
- [AM-9](#)
- Criterio 3 - Sistema de Garantía de Calidade
- [AM-10](#)
- [AM-11](#)
- Criterio 4 - Recursos humanos
- [AM-12](#)
- Criterio 7 - Indicadores de satisfacción e rendemento
- [AM-3](#)
- [AM-13](#)

ACCIÓNS DE MELLORA	
Código	AM-1 (Curso 2016-2017)
Orixe	Informe de Seguimento
Ámbito de aplicación	Criterio 1 - Organización e desenvolvemento
Análise causa	Como xa se indica na memoria do título, a impartición dun máster coma este nun campus non inicialmente asociado ás grandes áreas de Humanidades e Ciencias Sociais e que non se sitúa entre os centrais de Galicia supón un desafío canto á necesidade de dar a coñecer esta formación, para mellorar a súa demanda.
Definición/ descripción proposta	Accións para dar a coñecer o máster aos e ás futuros alumnos e alumnas que o cursen
Datas	Finalización: 30/06/2017; Inicio: 23/12/2016
Estado/Eficacia	Estado: Finalizada; Eficacia : Eficaz; Data Estado: 20/10/2017
Responsables	Carme Silva Domínguez
Tarefa1	AM-1.1
Descrición tarefa	Contratación dun Community Manager para traballar nos meses en que están abertos os distintos prazos e procedementos de matrícula (preinscrición e matrícula efectiva): de maio a xuño de 2016 e con periodicidade anual
Data prevista de finalización	30/06/2017
Responsable	Carme Silva Domínguez
Estado	Executada
Tarefa2	AM-1.2
Descrición tarefa	Deseño dunha sección específica na web do Campus Terra destinada a dar a coñecer a oferta semipresencial, coa finalidade de contribuír á súa visibilización: http://www.usc.es/campusterra/es/formaci%C3%B3n-semipresencial
Data prevista de finalización	30/06/2017
Responsable	Carme Silva Domínguez
Estado	Executada
Comprobación Tarefa	AM-1.2. Comprobación N.º 1
Descrición	-- (URL: http://www.usc.es/campusterra/gl/content/aberto-o-prazo-para-

Comprobación	solicitud-de-admisi%C3%B3n-nos-m%C3%A1ster-do-campus-terra)
Data Comprobación	20/10/2017
Incidencias	--
Axustes/Novas Tarefas	--
Tarefa3	AM-1.3
Descrición tarefa	Accións de promoción do Máster en Servizos Culturais a través das redes sociais do Campus Terra, especialmente naqueles períodos do ano en que está aberta a preinscrición ou a matrícula do título. Data de realización: anual, de maio a setembro de cada ano
Data prevista de finalización	23/01/2017
Responsable	Carme Silva Domínguez
Estado	Executada
Comprobación Tarefa	AM-1.3. Comprobación N.º 1
Descrición Comprobación	<p>A promoción do Máster fíxose a través de Twitter e Facebook do Campus Terra, pero tamén a través das redes sociais da Facultade de Humanidades:</p> <p>Páxina principal Facebook - www.facebook.com/masterservizosculturais Grupo secundario Facebook - www.facebook.com/groups/1415064098750985 Páxina principal Twitter - twitter.com/Servs_Culturais</p> <p>Blog - masterenservizosculturais.wordpress.com (URL: https://twitter.com/campusterrausc)</p>
Data Comprobación	20/10/2017
Incidencias	--
Axustes/Novas Tarefas	--

ACCIÓNS DE MELLORA	
Código	AM-2 (Curso 2016-2017)
Orixe	Informe de Seguimento
Ámbito de aplicación	Criterio 1 - Organización e desenvolvemento
Análise causa	Considerouse que o curso 2015-2016, como primeiro en que se implantou o máster en modalidade semipresencial, debera revelar as debilidades do título canto ao desenvolvemento do plan de estudos previsto. Un dos primeiros problemas detectados consistiu no reducido número de TFM's que de defendeu, ben porque o alumnado non conseguiu superar parte das materias ao longo do curso académico, ben porque mesmo superándoas non considerou posible afrontar a elaboración do TFM.
Definición/ descripción proposta	Melloras no procedemento de adxudicación de titores destinadas a conseguir unha maior implicación no proceso de titorización por parte do profesorado
Datas	Finalización: 31/07/2017; Inicio: 01/11/2016
Estado/Eficacia	Estado: Finalizada; Eficacia : Eficaz; Data Estado: 20/10/2017
Responsables	Fernando Suarez Golán
Comprobación Acción	AM-2
Descrición Comprobación	Refinouuse o procedemento de adxudicación de titores, con resultados exitosos dado que houbo moitas menos queixas tanto por parte do alumnado como do profesorado
Data Comprobación	20/10/2017
Incidencias	--
Axustes/Novas Tarefas	A acción repítese este curso
Tarefa1	AM-2.1
Descrición tarefa	Mellora destinada a evitar que o titor ou titora que se adxudique a un alumno non teña sido docente deste en ningún dos dous cuatrimestres: esta variable tívose en conta, en novembro de 2016, no proceso de adxudicación dos responsables da titorización de cada un dos TFM e terase en conta en edicións sucesivas do máster
Data prevista de finalización	30/11/2016
Responsable	Carme Silva Domínguez
Estado	Executada
Comprobación Tarefa	AM-2.1. Comprobación N.º 1

Descrición Comprobación	Esta acción foi aprobada na reunión da Comisión Académica do 12 de setembro de 2016 (Arquivo: Acta reunión 12 de setembro de 2016.pdf)
Data Comprobación	20/10/2017
Incidencias	--
Axustes/Novas Tarefas	--
Tarefa2	AM-2.2
Descrición tarefa	Mellora destinada a facer consciente ao alumnado de que o papel do titor ou titora académica non está exclusivamente delimitado pola súa implicación na titorización do TFM, senón que aquel é o primeiro interlocutor con que o alumno ou alumna conta para trasladarlle as súas dificultades no curso, e ademais debe desenvolver un papel destacado na selección de localización para as prácticas. Para esta finalidade a coordinadora elaborou e gravou un vídeo en galego e castelán cunha explicación pormenorizada do sentido da titorización dentro do máster, e púxoo a disposición do alumnado en decembro de 2016.
Data prevista de finalización	30/12/2016
Responsable	Carme Silva Domínguez
Estado	Executada
Comprobación Tarefa	AM-2.2. Comprobación Nº. 1
Descrición Comprobación	-- (URL: https://youtu.be/5rzlKEZ0LzY)
Data Comprobación	20/10/2017
Incidencias	--
Axustes/Novas Tarefas	--
Tarefa3	AM-2.3
Descrición tarefa	Mellora destinada a facer consciente o alumnado de que a elaboración do TFM ten un carácter procesual, e debe estar apoiada nunha serie de encontros entre profesorado e alumnado ao longo de todo o curso académico (a partir de novembro, que é o mes en que o proxecto de TFM está xa perfilado): elaboración e posta a disposición do alumnado dun calendario tipo de encontros que son precisos para a elaboración do TFM
Data prevista de finalización	31/07/2017
Responsable	Carme Silva Domínguez
Estado	Non Executada
Comprobación Tarefa	AM-2.3. Comprobación Nº. 1
Descrición Comprobación	Non se realizou o calendario de encontros precisos entre o titor/a e o alumnado, pero si se enviou un e-mail aos tutores dos alumnos con todas as materias superadas para que nos indicaran cales foran as súas impresións.

	Tamén indicar que os titores/as a través da secretaría virtual poden sinalar os encontros que tiveron cos alumnos que titorizan. (Arquivo: proceso de elaboración do TFM .pdf)
Data Comprobación	20/10/2017
Incidencias	--
Axustes/Novas Tarefas	--
Tarefa4	AM-2.4
Descrición tarefa	Decisión da Comisión Académica de valorar a posibilidade de que os procesos de adxudicación de titores/as e de adxudicación de espazos para as prácticas aparezan ligados a través das liñas temáticas
Data prevista de finalización	31/07/2017
Responsable	Fernando Suárez Golán
Estado	Non Executada
Comprobación Tarefa	AM-2.4. Comprobación N.º. 1
Descrición Comprobación	Acordo da Comisión Académica do 28 de novembro de 2016 (Arquivo: Acta C ACADÉMICA MASTER (28.11.2016).pdf)
Data Comprobación	20/10/2017
Incidencias	Non se completou na súa totalidade, prevese realizar un borrador de posibles ligazóns para que a CA do título o aprobe e se lles poida achegar aos alumnos e alumnas.
Axustes/Novas Tarefas	--

ACCIÓNS DE MELLORA	
Código	AM-3 (Curso 2016-2017)
Orixe	Informe de Seguimento
Ámbito de aplicación	Criterio 7 - Indicadores de satisfacción e rendemento
Análise causa	Mellorar na posta a disposición dos alumnos e alumnas de espazos reais de xestión cultural, con especial atención a fenómenos novidosos ou emerxentes.
Definición/ descrición proposta	Deseño e realización do evento CulturaLab (3ª edición): abril 2017 e periodicidade anual. Nesta acción, que levamos realizando os tres últimos anos, ponse en relación o mundo da xestión cultural real co mundo académico, a través de iniciativas emprendedoras relacionadas con sector produtivo das industrias culturais
Datas	Finalización: 31/07/2017; Inicio: 01/09/2016
Estado/Eficacia	Estado: Finalizada; Eficacia : Eficaz; Data Estado: 20/10/2017
Responsables	Carme Silva Domínguez
Comprobación Acción	AM-3
Descrición Comprobación	 (URL: http://www.usc.es/campusterra/gl/content/o-culturalab-de-primavera-do-campus-terra-da-usc-converter%C3%A1-lugo-os-d%C3%ADas-20-e-21-de-maio-na)
Data Comprobación	20/10/2017
Incidencias	--
Axustes/Novas Tarefas	--
Tarefa1	AM-3.1
Descrición tarefa	Decisión da CA do título de solicitar ao profesorado as guías docentes en castelán e en galego. O pedimento farase a través do correo electrónico
Data prevista de finalización	01/09/2016
Responsable	Carme Silva Domínguez
Estado	Executada
Comprobación Tarefa	AM-3.1. Comprobación N.º 1
Descrición Comprobación	-- (Arquivo: previsión de actividades materias e guías docentes.msg)
Data Comprobación	20/10/2017
Incidencias	--

Axustes/Novas Tarefas	--
-----------------------	----

ACCIÓNS DE MELLORA	
Código	AM-4 (Curso 2016-2017)
Orixe	Informe de Seguimento
Ámbito de aplicación	Criterio 1 - Organización e desenvolvemento
Análise causa	A porcentaxe de alumnos e alumnas que se matriculan achegando un título estranxeiro, tanto ligado ao EES como totalmente alleo a el, é moi baixa: só un 4%. Cómpre, por tanto, mellorar a demanda internacional do título
Definición/ descrición proposta	Revisión dos plans de estudos de máster das catro universidades estratéxicas para o Campus Terra, co obxecto de procurar títulos similares cos cales se poida establecer algún tipo de negociación conducente ao deseño de dobres títulos ou, cando menos, acordos para o intercambio de alumnado.
Datas	Finalización: 31/07/2017; Inicio: 09/01/2017
Estado/Eficacia	Estado: Finalizada; Eficacia : Eficaz; Data Estado: 20/10/2017
Responsables	Carme Silva Domínguez
Comprobación Acción	AM-4
Descrición Comprobación	Ás accións de promoción do título en redes realizadas pola empresa Abertal engádense este curso a visibilización levada adiante desde as redes do Campus Terra. Os resultados son positivos, pois o máster tivo unha prematrícula de máis de 50 persoas. (URL: http://www.usc.es/campusterra/gl/content/aberto-o-prazo-para-solicitud-de-admisi%C3%B3n-nos-m%C3%A1ster-do-campus-terra)
Data Comprobación	20/10/2017
Incidencias	--
Axustes/Novas Tarefas	REPÍTESE ESTE CURSO

ACCIÓNS DE MELLORA	
Código	AM-5 (Curso 2016-2017)
Orixe	Informe de Seguimento
Ámbito de aplicación	Criterio 1 - Organización e desenvolvemento
Análise causa	Examinando a demanda do título, obsérvase que esta é moi relevante por parte de titulados e tituladas da grande área de Humanidades, mais tamén destaca unha presenza importante de persoas que acceden desde as Ciencias Sociais, en concreto desde titulacións do ámbito do ensino.
Definición/ descrición proposta	Modificación dos criterios de acceso entre Humanidades e Ciencias Sociais, igualando esta segunda grande área á primeira, coa finalidade de captar efectivamente os mellores expedientes dunha e a outra.
Datas	Finalización: 01/02/2017; Inicio: 09/01/2017
